



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 41

**Sesión plenaria**  
26 de febreiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.1 541 (12/PNP-000034)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

#### **4.2 6477 (12/PNP-000673)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

#### **4.3 8029 (12/PNP-000739)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

#### **4.4 11479 (12/PNP-000948)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

#### **4.5 18231 (12/PNP-001449)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Carreira Pazos, Iria e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025



**4.6 19569 (12/PNP-001553)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

**Punto 5. Interpelacións****5.1 17724 (12/INT-000725)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

**5.2 19271 E 20327 (12/INT-000766)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a transferencia da titularidade á Administración local das vías autonómicas que xa forman parte do tecido urbano de moitas cidades, nomeadamente no caso de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

**5.3 19447 (12/INT-000774)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 20307 (12/POPX-000033)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a xestión do Goberno galego na asignación de recursos para as administracións públicas en relación coa prestación dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

**6.2 20308 (12/POPX-000034)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre os problemas das familias e da mocidade para poder pagar un alugueiro accesible

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 18029 (12/POP-002838)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio, en Vilagarcía de Arousa, do proxecto para a construción dunha nova estación intermodal e para o mantemento e adecuación da estación de autobuses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

### 7.2 20306 (12/PUP-000084)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma**

Sobre os compromisos que está disposta a asumir a Xunta de Galicia respecto do uso público de praias e zonas costeiras a partir da consumación do traslado de competencias en materia de xestión do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

### 7.3 19369 (12/POP-002998)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

### 7.4 19209 (12/POP-002990)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Sanz Arias, Cristina e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

### 7.5 18961 (12/POP-002928)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

### 7.6 16704 (12/POP-002564)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Ourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025



**7.7 18370 (12/POP-002876)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas desenvolvidas para incentivar a cobertura de prazas de persoal médico nos hospitais comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

**7.8 19286 (12/POP-002975)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Baladrón Lamas, Victor Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

**7.9 20303 (12/PUP-000082)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna**

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



## SUMARIO

---

*Retómase a sesións ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego na asignación de recursos para as administracións públicas en relación coa prestación dos servizos públicos.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 10.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 14.)

**Pregunta ao Sr presidente da Xunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os problemas das familias e da mocidade para poder pagar un alugueiro accesible.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 20.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional contra a violencia no deporte, que é aprobada por asentimento.* (Páx. 21.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar o debate dunha pregunta.* (Páx. 22.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio, en Vilagarcía de Arousa, do proxecto para a construción dunha nova estación intermodal e para o mantemento e adecuación da estación de autobuses.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 23.)

Resposta da Xunta: *Sr. Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 24.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 25.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 26.)



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 27.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 28.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 33.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 33.).

*A señora Carreira Pazos (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 35.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 36.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 42.) e *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 42.).

*O señor Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 44.)

**Votación das proposicións non de lei**

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade: *aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 46.)

*O señor presidente comunica a solicitude e aceptación da votación por separado dos puntos 1 e 3 desta proposición.* (Páx. 46.)

Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento: *rexeitados por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación do restantes puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre





as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento: *rexeitados por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 48.)

*A señora Carreira Pazos (BNG) pide a palabra e intervén para aclarar os termos da proposta de transacción sobre a seguinte proposición non de lei, que non é aceptada polo G.P. dos Socialistas de Galicia.* (Páx. 49.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino: *rexeitada por 25 votos a favor, 38 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional sobre as enfermidades raras, que é aprobada por asentimento.* (Páx. 50.)

**Interpelación do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a transferencia da titularidade á Administración local das vías autonómicas que xa forman parte do tecido urbano de moitas cidades, nomeadamente no caso de Ourense.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 52.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 53.)

Réplica do autor: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 58.)





### **Alteración da orde do día**

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en pasar ao punto sétimo da orde do día. Así mesmo, comunica a solicitude de aprazamento das preguntas 7.3 e 7.9. (Páx. 60.)

**Pregunta de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. López Font (S). (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue). (Páx. 61.)

Réplica do autor: Sr. López Font (S). (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue). (Páx. 62.)

**Pregunta de D. Daniel Castro García e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Oural ao non ter presenza diaria dun médico ou médica.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Castro García (BNG). (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 64.)

Réplica do autor: Sr. Castro García (BNG). (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 66.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas desenvolvidas para incentivar a cobertura de prazas de persoal médico nos hospitais comarcais.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 68.)

Réplica da autora: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 70.)

**Pregunta de D. Víctor Manuel Baladrón Lamas e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Baladrón Lamas (P). (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 72.)

Réplica do autor: Sr. Baladrón Lamas (P). (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 74.)

Remata a sesión á unha e vinte e nove minutos da tarde.



*Retómase a sesións ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión.

Continuamos, polo tanto, coa orde do día. Punto sexto, preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego na asignación de recursos para as administracións públicas en relación coa prestación dos servizos públicos**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Rueda, voulle falar de financiamento, supoño que non lle non lle sorprenderá. Pero vou falar de dúas cuestións que nos parecen aos socialistas capitais neste momento, moi importantes para o noso país.

En primeiro lugar, unha en relación coas entregas á conta. Estes días estamos escoitando que o presidente da Xunta reivindica ese ingreso de forma inmediata, cando, curiosamente, hai unhas semanas o Partido Popular no Congreso votou en contra de que se producisen esas entregas á conta ás comunidades autónomas e, por tanto, tamén a Galicia. Son 700 millóns de euros. Si, ía dentro do famoso «Decreto ómnibus», que ademais da revalorización das pensións, as axudas aos máis vulnerables e as axudas ao transporte, os bonos ao transporte, tamén incluía as aportacións á conta das comunidades autónomas; ¡700 millóns de euros! Bueno, agora pide que se faga algo que hai tres semanas votaron en contra de que se fixese no Congreso. Todo un símbolo de coherencia.

E, en segundo lugar, en relación coa condonación da débeda, 4.010 millóns de euros, o 33 por cento da débeda que ten Galicia; deses máis de 12.000 millóns, o 33 por cento se condonan coa proposta do Goberno. ¿Que diría unha familia se a chamasen e lle dixesen que o 33 por cento da súa hipoteca quedaba condonada? ¿Dirían que si ou dirían que non? Dirían que si, que é unha boa decisión, (*Murmurios.*) pero vostedes din que non.

É unha proposta, ademais, moitísimo máis ambiciosa, por suposto, que a do Partido Popular, que era a condonación da débeda cero. Pero tamén a doutros, que vinculaban as medidas compensatorias vinculadas ao Fondo de Liquidez Autonómica. Superamos ese concepto, fomos máis ambiciosos e, ademais, para Galicia foi bo. ¿Por que? Porque se introduciron conceptos que, por certo, defendían tamén parte dos máis relevantes estudosos do mundo da economía aquí, en Galicia, e que vostede menciona —e nós tamén—, como é o Foro Económico de Galicia, que dicían que debían introducirse cuestións como a poboación axustada



e que se producise esa condonación da débeda en igualdade de condicións para todas as comunidades autónomas.

Eses dous requisitos cúmprense, por iso nós imos recibir unha condonación da débeda do 6,7 por cento en relación co Estado, cando a nosa poboación é do 5,5 por cento ou o noso PIB non chega nin a esa cifra do 5,5 por cento. Por tanto, é bo para Galicia. É unha proposta ambiciosa e ten todo o sentido de que sexa aceptada. Por certo, as comunidades autónomas en concerto non reciben nin un só euro. A solidariedade págase con solidariedade.

Pero, fíxese nunha cuestión máis. Cando vostedes —e é algo ao que nos ten acostumados— teñen que elixir entre Galicia e o Partido Popular, sempre elixen o Partido Popular, ¡sempre! A súa responsabilidade como presidente da Xunta de Galicia é atender os intereses de Galicia.

Pense vostede qué se podería facer con eses 4.000 millóns: oito veces o orzamento das universidades galegas, vinte veces o que lle destina a Xunta de Galicia á política de vivenda no orzamento actual do ano 2025, duascenas veces o que se destinaría á investigación sanitaria, poderíamos solucionar o problema deses 12.000 galegos e galegas que están inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda e poderíamos solucionar tamén durante varias anualidades o salario dos docentes, de médicos, de médicas... Poderíanse facer moitísimas cousas. Outra cousa é que vostede estivese en disposición de querer facelo. Estamos a tempo e aínda non empezou a reunión do Consello de Política Fiscal, creo que debe chamar o seu conselleiro e dicirlle que acepte a proposta, porque, se non, ¿que vai pasar? Salvo que o presidente da Xunta nalgunha decisión se poña nunha posición antisistema e dixese que non quere facer fronte á débeda, que non a quere pagar ou se declarase en rebeldía; cousa que non é certa, ¿verdade? Está a tempo. Enviélle unha mensaxe ao conselleiro Corgos e dígalle que vote a favor deste plan de condonación da débeda das comunidades autónomas por sentido común e tamén, se mo permite, por sentido de Estado. Porque, se non, ¿sabe vostede o que vai pasar? Hoxe votarán que non no Consello de Política Fiscal, pero a partir de aí van empezar a culebrear, como fixeron co Decreto ómnibus para xustificar a aceptación desa condonación da débeda, que, como digo, é bo para Galicia.

Evite o ridículo e evítenos a todos os galegos e as galegas o problema.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Besteiro, pregúntame vostede se me sorprende que me vaia falar de financiamento. Todo o contrario, comprenderá que xa o esperabamos. Teñen vostedes a instrución en toda



España de saír con este tema, e o Partido Socialista, menos votado de todas as comunidades autónomas, como sempre é o máis submiso. Polo tanto, non me sorprende absolutamente nada.

Sorpréndenme algunhas cousas que di. Resulta que nas entregas á conta si que se pode aprobar un decreto en calquera momento e facer estas entregas á conta. Dígoo porque ata hai moi pouco tempo nos dicían que, se non había orzamento, non había entregas á conta. E agora resulta que si. Vostede mesmo o di, que van nun decreto e que se poden aprobar en calquera momento. Pois, oia, a cambio da súa submisión en defender todas as posturas do Partido Socialista de Moncloa, dígalles que nos están dando 127 millóns de euros menos ao mes. Polo tanto, que fagan un decretiño deses aos que son vostedes tan afeccionados e que nolo dean canto antes.

Respecto ao 33 por cento... Mire, unha pregunta, ¿todo isto que está dicindo sobre o financiamento e sobre o que se propón realmente díe en serio? ¿Sabe vostede que ten unha absoluta falta de rigor? É a miña dúbida. Eu non sei se xa todo lle dá tan exactamente igual que solta estes disparates que está vostede soltando.

Ou sexa, que estes 4.000 millóns de euros que nos van condonar podemos dispoñer deles e con eles podemos contratar —dixo onte— 40.000 médicos. Quedan así libres para a nosa disposición. Iso díxoo vostede onte, acaba de dicilo agora: «¡Cantas cousas se podían facer con 4.000 millóns de euros!» Ou sexa, ¿que nolos van dar, señor Besteiro? ¿Vánnolos dar? (*Murmurios.*) Non é unha débeda que queda aí para que a pague non sabemos moi ben quen... Por suposto, si que o sabemos: todos os galegos e, por tanto, todos os españois. Non, non, vannos dar eses 4.000 millóns de euros e nós estamos dicindo que non queremos 4.000 millóns de euros para poder gastalos como queiramos. ¿É iso? Pois non é, dende logo, o que están contando os seus compañeiros.

Pregúntame vostede que lle diría a unha familia á que lle pido que renuncie ao 33 por cento do hipoteca. Pois mire, se lle digo que, xunto á hipoteca do seu modesto piso, ten que pagar mansións que compraron ricos que non eran ricos e que non tiñan cartos, pois probablemente non queiran pagar a mansión dos ricos tamén, señor Besteiro. (*Aplausos.*)

Este goberno xeneroso seu, que reparte 4.000 millóns de euros para que gastemos como queiramos, é o mesmo que nos está racaneando os vehículos, os locais e os funcionarios públicos na transferencia da xestión do litoral. ¡Non pode imaxinar o que é!, discuten coche a coche, pero, de repente, son 4.000 millóns de euros esta xenerosidade. ¡Que raro! Son os mesmos que non son capaces, ou que nos piden unhas condicións que non podemos aceptar para aumentar un pouquiño nada máis a plantilla da Policía Autonómica, da Unidade de Policía Adscrita.

Todo ese goberno que o racanea todo, que lle racanea todo a Galicia, de repente, segundo vostede, vén aquí defender que nos vai dar 4.000 millóns de euros, que nolo perdoa todo e que aquí hai cartos para todo. Pois non hai cartos para todo, señor Besteiro.

Mire, é moi triste o que vai suceder hoxe, e todos sabemos por que sucede: porque o seu goberno necesita un pouco máis de respiración asistida; necesita seguir un pouco máis e vai



dicir que si ao que sexa. E o que sexa é o que nos anunciou, pero non a ministra de Facenda, non o presidente do Goberno, senón o señor Oriol Junqueras, que sae o portavoz deste goberno hipotecado e chantaxeado.

Mire, preguntame vostede polas asignacións públicas. ¿Sabe onde se poden ver as asignacións para os gastos, para os servizos, en Galicia? No orzamento, porque aquí si que temos orzamento. ¿Sabe onde hai que velo...? *(Aplausos.)* ¿Sabe onde hai que ver as asignacións do que nos vai corresponder e do que nos piden que aceptemos como un trágala? Nas declaracións do señor Junqueras, que, por desgracia, no día de hoxe, é o que manda en España, se é que en España alguén manda, que teño moitas dúbidas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

¡Home!, este é un tema que non admite saídas pola tanxente. Hai que dicir claramente se se quere que se condone a débeda, si ou non, claramente. *(Aplausos.)* Non hai que darlle voltas. A argumentación de que é unha trampa é absolutamente falaz.

Mire, ¿quítaselle a débeda nominal de Galicia, 4.000 millóns, con este acordo, si ou non? *(Un señor deputado: Non.)* Si, si, radicalmente si. *(Murmurios.)* E vostede di que non. Ben, pois vale.

A calquera persoa que lle pregunten se quere que lle quiten a débeda, ¿que contesta? Que si. Non se afanen en intentar dar explicacións que a xente non entende. E como se, por exemplo, agora dicimos que os fondos europeos de recuperación, que viñeron de Europa, como se van financiar con débeda da Unión Europea, os pagamos todos os galegos. ¡Pois claro que si! Así que conteste a iso. E diga aquí, en sede parlamentaria, por un lado, se non está de acordo coa condonación e se, ao final, vai aceptar Galicia esa proposta; ao final deste ano, cando se tramite unha lei orgánica, diga que vai facer o Partido Popular e que vai facer vostede como presidente da Xunta e defensor dos intereses de Galicia.

Mire, agradézolle que en todas as súas teses durante estes últimos meses falase de Cataluña; agora xa vemos o resultado, que se fai unha repartición xusta para todas as comunidades autónomas, igualitaria para todas as comunidades autónomas. *(Murmurios.)* ¡Home!, isto é evidente. A comunidade autónoma que máis recibe en beneficio da condonación é Andalucía. Vostede dicía que era Cataluña, que ía ser Cataluña. ¡Fantástico!

Mire, xa empezamos a falar de financiamento, e eu o que lle pido é que se centre nesta cuestión. Os criterios que se aplican para esta condonación son criterios que creo que van ser bos para traballar no financiamento. Por certo, isto xa é tamén financiamento, financiamento do noso país, poboación axustada ás cuestións que deben afectar o financiamento de



Galicia como cuestións peculiares, singulares. Esas cuestións están tamén reflectidas neste proxecto de condonación da débeda. Agárrese a ese argumento, defenda os intereses de Galicia, dígollo desde a máis profunda convicción de que as cuestións saian ben para o noso país. ¡Vaise cancelar un 33 por cento da débeda, ¿e temos que dicir que iso é malo?! Eu escápolles aos coches; o que parece que non lles escapa aos coches é vostede. Calquera persoa entende que iso é así.

¿E sabe que creo que pasa? Que, en realidade, esta decisión xa a tomara o Goberno do Partido Popular —por certo— cancelando, condonando unha débeda que se xerou durante os gobernos do Partido Popular. Se a fíxese o Partido Popular, estaría dicindo que Alberto Núñez Feijóo sería un marabilloso líder do Goberno de España, pero, como non o fan vostedes, esa oposición tan cerril ao que fagan os socialistas, ao que faga o presidente do Goberno, os levará por moi mal camiño. Reconduz a situación. E, como dicía na miña primeira intervención, evite o ridículo que vai facer e evítenos a todos un problema.

Pense no que podemos facer con ese financiamento extra da condonación da débeda, pense no que podemos facer, nas posibilidades que podemos conseguir. Outra cousa é que, ao mellor, o que está pensando vostede é en non facer iso, en non mellorar os servizos públicos, en non mellorar o sistema de dependencia, en non mellorar a educación; en definitiva, esas cousas que, entre outras, nos diferencian a vostedes de nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, de verdade, eu espero que graven estas... —xa sei que se gravan— e que o presidente do Goberno vexa as cousas que di vostede, porque lle ten que estar moi agradecido. Porque este nivel de disparate, este nivel de submisión, este nivel de ser unha correa de transmisión exacta do que interesa á Moncloa —porque lles interesa o tema de Cataluña, non lles interesa Galicia—, eu creo que non o teñen en ningunha comunidade autónoma, ¡en ningunha!

Vostede acaba de dicir unha cousa e a súa contraria. Mire, acláreme unha cousa, porque, entón, si que lle digo que si que quero a condonación. ¿Eses 4.000 millóns de euros ván-nolos ingresar para que fagamos o que queiramos? CANCELÁSE A DÉBEDA, DE REPENTE NON EXISTE, E LLE VAN INGRESAR A GALICIA... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como que...? ¡Iso é o que está vostede dicindo! E que podemos contratar 40.000 médicos con eses 4.000 millóns, se nolos van ingresar, se nolos perdoan e ingresan... ¡Home! ¡É que dicirlle a iso que non...! Pero diga vostede que está vendendo a condonación da débeda en Galicia así, que, como xa de repente non debemos 4.000 millóns, pois xa nolos van pasar para que fagamos con eles o que queiramos, porque a débeda se cancela, desapa-





rece, non existe. ¡Oxalá fose así! Señor Besteiro, eu teño a dúbida de se vostede non se entera ou de se se entera e lle dá igual, ou probablemente unha mestura das dúas cousas, porque, se non, é imposible que diga isto. É máis ou menos do mesmo rigor científico que cando nos dixo en plena campaña electoral que a autoestrada ía ser gratis. Con eses 4.000 millóns, a autoestrada tamén; pode ter razón, ten razón. (Risos.) ¡Se se pode facer de todo! (Aplausos.)

Señor Besteiro, poida que vostede pense que a xente é parva, dicindo estas cousas, e que quede con que o Goberno do PP na Xunta renuncie a 4.000 millóns de euros que podía ter para gastar e que así todos podíamos ser moito máis felices, pero aquí hai periodistas que están escoitando e saben perfectamente do que vai, e danse conta do rigor co que vostede di as cousas.

Señor Besteiro, a débeda non desaparece. Efectivamente, onte dicíao o señor Corgos, e é así: se a nós se nos condona simplemente porque outras suman débeda ao redor de 1.400 euros, resulta que, sumando a que temos que coller doutras comunidades autónomas, moito menos obxectivas e moito menos rigorosas, ao final, a conta nos sae que son 200 euros máis de débeda que de repente vai ter cada galego. E, mentres, non falamos do que nos interesa; mentres, o señor Sánchez unha vez máis soluciona o seu problema, coa súa axuda inestimable e coa súa submisión, e segue un pouquiño máis na Moncloa. E non fala do financiamento autonómico nin fala deses 600 millóns ao ano que estamos reclamando, cando todo o mundo o reclama, que nos fan falta. Iso si que é necesario e iso si que sería un ingreso que poderíamos utilizar para moitas cousas.

Pero, claro, diso non se pode falar, porque iso non está enriba da mesa, e é mellor saír aquí a dicir disparates como o que vostede está dicindo: que temos 4.000 millóns de euros que nos ían ingresar directamente, como se fose unha transferencia bancaria, e que non os queremos porque somos parvos. Isto vai así.

Mire, señor Besteiro, eu comprendo que cando hai que ser correa de transmisión, cando a vostedes desde Moncloa os dan por descontados e saben o que hai, porque ven as enquisas e ven como vai o Partido Socialista aquí, os utilizan para calquera cousa, pero non se deixe utilizar para todo isto. Eu non lle pido que diga o que é certo: que é un negocio ruinoso e que con iso está servindo para adiar ese financiamento autonómico que necesitamos. Non lle pido que diga o que é unha realidade, que é que se nos está tratando outra vez moi mal. Non é certo nin sequera que o cálculo das cantidades que se van condonar sexa un cálculo xusto. Prémíase máis a quen peor fixo as cousas. ¿Para que? Para premiar os de sempre, a Cataluña, que ten unha débeda enorme, comparada coa de Galicia, e que necesita —eses si que o necesitan— que entre todos os españois lles paguemos os intereses. Pero, síntoo moito, señor Besteiro, con Galicia non conte, non veña aquí facer de correa de retransmisión e, se vén, polo menos non conte mentiras, e, se non son mentiras, é falta de documentación. Documentétese.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.





### **Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os problemas das familias e da mocidade para poder pagar un alugueiro accesible**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, ¿sabe vostede cal é a principal preocupación dos galegos e das galegas? A vivenda. ¿Sabe cantas vivendas poderíamos construír cos 4.000 millóns de euros da quitación negociada polo BNG? Pero vostede está disposto a que Galiza perda 4.000 millóns de euros e non lle importan as consecuencias que iso teña. Temos listas de espera na sanidade e na educación, temos a pemes e autónomos que están pasando por unha situación moi difícil e que necesitan axuda e temos un problema gravísimo de acceso á vivenda. Pero vostede está disposto a que Galiza perda 4.000 millóns de euros. É vostede o campión do servilismo e está traizoando os intereses deste país. (*Aplausos.*) É o peor presidente da nosa historia, o presidente máis antigalego da nosa historia.

Eu pídolle, señor Rueda, que rectifique, que non traizoe a Galiza, porque, efectivamente, as políticas públicas necesitan recursos e serían moi importantes os recursos que se van liberar, porque hai unha quitación da débeda de 4.000 millóns de euros que poderíamos utilizar para políticas de vivenda. Porque a realidade é que hoxe neste país hai un problema moi grave de acceso á vivenda, a realidade é que cada vez é máis difícil para a xente moza e tamén para as familias poder acceder a unha vivenda. E vostede é cómplice, e é cómplice desta situación porque vostedes pasaron quince anos dinamitando a política social de vivenda. Vostede é cómplice de que estean os prezos disparados, porque se está negando a declarar zonas tensionadas e, polo tanto, a poder controlar a suba dos alugueiros e vostede é cómplice deste descontrol de prezos, porque non está facendo nada para controlar o incremento de vivendas turísticas no noso país. É máis, non é que non só faga nada para controlalas, é que, ademais, mantén no Rexistro da Xunta de Galiza vivendas que son ilegais. Esa é a súa política de vivenda. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, a súa política de vivenda é un *bluff*, un fracaso total, e as consecuencias págaas a cidadanía. Estamos á cola en emancipación. Temos miles de mozos e mozas que non poden saír da casa dos seus pais e das súas nais porque non poden permitirse pagar unha vivenda, porque teñen que escoller entre pagar o alugueiro ou comer, señor Rueda. Esa é a realidade de miles de mozos e mozas no noso país e, se non se lle dá futuro á mocidade, non se lle está dando futuro a Galiza.

Desde o BNG hoxe facémolles tres propostas moi concretas: primeiro, declare zonas tensionadas para controlar a suba dos prezos dos alugueiros; segundo, retire todas as vivendas turísticas ilegais que hai no Rexistro da Xunta; e, en terceiro lugar, estableza un tope, un límite, ás vivendas turísticas no noso país por habitantes, porque esta sería unha medida que permitiría que a vivenda sexa para a xente e non para substituír hoteis.

Polo tanto, señor Rueda, o que lle pedimos é que actúe ante o descontrol de prezos que hai no noso país, que se poña do lado da xente que necesita unha vivenda e, desde logo, que



accepte eses 4.000 millóns de euros da quitación da débeda, que nos permitirían ter máis recursos para facer políticas de vivenda.

Señor Rueda, quite dunha vez a camiseta do Partido Popular, deixe de obedecer as ordes do seu xefe de Madrid e empece a exercer como presidente de Galiza. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Mire, imos introducir unha variación esta vez: como vostede me vai chamar machista, na segunda réplica, como fai sempre, vouno facer eu primeiro, antes de falar de vivenda, porque creo que tamén é moi importante, polo menos para min e creo que para todo o mundo.

Vostede tivo a semana pasada un silencio clamoroso. Moitas compañeiras doutros partidos políticos manifestáronse fronte a ofensa —clarísima— a unha compañeira do Goberno; ao final, unha compañeira non parlamentaria, pero que está neste Parlamento moitas veces e unha muller que se dedica á política. Pois vostede non foi capaz de dicir absolutamente nada. Polo tanto, pídlle que na segunda réplica dea un exemplo de coherencia —hai que ser coherente—, un exemplo de valentía —hai que ser valente, fronte aos seus xefes; xa sabemos por que non condena, porque non se atreve— e un exemplo de dignidade, porque defendendo a dignidade dunha muller deféndese a dignidade de todas as mulleres e de todo o mundo. *(Aplausos.)* Polo tanto, espero que na segunda parte da réplica, señora Pontón, á parte dese risiño nervioso que lle dá cando escoita verdades *(Risos.)* —si, si, ese risiño, xusto—, sexa capaz de ser valente por unha vez neste tema.

Mire, eu propoñolle unha cousa: imos vostede, o señor Besteiro e eu a Madrid a dicir... ¿E onde recollemos os 4.000 millóns para contratar os médicos, para facer vivendas e para todas esas marabillas? Porque, se é así, xa lles digo que si. Transmítalle vostede ao seu xefe, señor Besteiro, que en Galicia din que si á condonación da débeda, que a queremos. *(Murmurios.)* ¡Non, claro! *(Risos do señor presidente da Xunta de Galicia.)* *(Risos.)* ¡Ai! Señor Besteiro, ¿dáse conta do ridículo que lle obrigan a facer? *(Aplausos.)*

Cando lles digan a vostedes dous —que van de ganchete— que non, que son, como moito, 40 millóns en intereses e que se olviden do financiamento, terán que dicir: non, non, son 4.000. Nós estamos dicindo que son 4.000, e téñennos que dar 4.000. Se nolos dan, Galicia apúntase inmediatamente á condonación da débeda.

Señora Pontón, vostede acaba de dicir o mesmo disparate que o señor Besteiro; polo tanto, ten o mesmo nivel de submisión. Eu dígolles: se queren hoxe mesmo, eu cancelo toda a miña



axenda, imos a Madrid a polos 4.000 millóns e despois discutimos aquí como o repartimos. (Risos.) ¡Un pouco de rigor, por favor! (Aplausos.)

Mire, benvida, señora Pontón, ao tema da vivenda, que non lle ocupa demasiado nestas preguntas parlamentarias. A nós preocúpanos dende hai moito tempo, claro que si, pero, iso si, sen demagogia e sen solucións fáciles. Vostede acaba de chegar a este problema. Leva vinte e cinco anos na oposición, sen ter ningunha responsabilidade do goberno, e iso alónxaa bastante da cuestión real; e a cuestión real é que as solucións básicas non funcionan, señora Pontón.

Outra vez coas zonas tensionadas. Dígame vostede, se é unha solución tan boa, por que, no día de hoxe, ningún concello —e cando digo ningún concello inclúo aqueles nos que goberna o BNG— pediu as zonas tensionadas, señora Pontón. (Aplausos.) Polo tanto, dígamo, se tan boa é. ¡Moito caso non lle fan!

Mire, cando se ten irresponsabilidade e non se goberna nin se ten perspectiva de gobernar, dinse cousas como as que vostede di. Pero eu non podo facer iso, este goberno non pode facer iso, ten que actuar con realidades. Polo tanto, eu reafirmo ese obxectivo de dobrar o parque público de vivenda. Xa iniciamos en diferentes fases, para cumprir en catro anos, máis da metade, máis de dúas mil, triplicamos o orzamento de vivenda e temos medidas como que, por exemplo, o 40 por cento dos pisos en alugueiro vaia para a xente moza, ata os 36 anos, e o 25 por cento en venda; temos facilidades para construír tamén, para colaborar con esa demonizada por vostedes iniciativa privada e que faga 20.000 vivendas; e, en definitiva, temos solucións e non demagogias.

En todo caso, señora Pontón, cada un coas súas responsabilidades: vostede, a eternizarse na oposición dicindo este tipo de cousas, e nós, a gobernar. Pero se quere ser coherente, digna e responsable, espero a súa rectificación na súa quenda sobre o que lle dixen ao principio,

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, señor Rueda, vostede pode vir aquí manipular a realidade e mesmo inventar bulos contra min. Fágao, porque sabemos que está moi nervioso coa posición do BNG; (Risos.) están obsesionados co BNG, facéndonos xa de oposición. Si, evidentemente, a iso vén vostede aquí, a este Parlamento.

Pero, mire, ¿sabe que é o grave? Que vostedes están fóra da realidade. Eu entendo que, ao mellor, cando se vive en Monte Pío, non se coñecen cales son os problemas da vivenda, pero a realidade é que a súa política de vivenda é un *bluff* que non lles está solucionando os problemas aos galegos e ás galegas, que cada día teñen máis dificultade, xa non para comprar unha vivenda, senón para poder alugar unha vivenda, señor Rueda. (Aplausos.) Aterre na realidade dos galegos e das galegas.



Porque, mire, a realidade é que os galegos e as galegas non están preocupados por se as súas casas de veraneo teñen acceso directo á praia, o que lles preocupa aos galegos e ás galegas é que non poden nin pagar un alugueiro porque non dan chegado a final de mes. Polo tanto, señor Rueda, aterre na realidade dos galegos e das galegas e abandone a demagogia e a manipulación. *(Aplausos.)*

Eu non esperaba ter que vir aquí explicarlle ao presidente da Xunta o que é unha quitación. *(Risos.)* É que iso é de primeiro de Economía, señor Rueda. ¿Sabe cal é o seu problema? Que o cega o centralismo e a submisión a Madrid e non quere ver que é o que necesita este país. *(Aplausos.)*

Porque vostede ¿estalles dicindo aos galegos e ás galegas que unha redución da débeda do 33 por cento non significa máis dispoñibilidade de recursos para a Xunta? É que iso é de primeiro de Economía. Deixe de mentir aos galegos e ás galegas *(Aplausos.)* para xustificar a súa submisión a Madrid, a súa submisión a Feijóo. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, é que esta decisión non a tomou vostede, tomouna o seu xefe de filas *(A señora Pontón Mondelo mostra un documento.)*: «Feijóo impón ás comunidades do PP votar non á condonación da débeda». Nin tan sequera decide no Consello da Xunta, que llo deciden na rúa Génova. *(Aplausos.)* ¡É un escándalo de submisión!

E, sobre todo, señor Rueda, basta xa de mentiras. Primeira mentira: é que nos din que a quitación é socializar as débedas dos demais, e que lles preocupa a igualdade. ¿Onde estaba a súa preocupación pola igualdade cando o Partido Popular nos fixo pagar a todos e a todas o rescate bancario, señor Rueda? ¿Onde estaba a súa preocupación pola solidariedade? *(Aplausos.)*

Segunda mentira, señor Rueda: Galiza non necesita unha quitación porque vostedes xestionaron mellor. ¿Sabe cal é a realidade? A realidade é que vostedes non xestionaron mellor, o que fixeron foi recortar máis ca ninguén, facendo sufrir máis á xente deste país, e deixarnos a débeda triplicada. Iso foi o que fixo o Partido Popular. *(Aplausos.)*

E a terceira mentira é que Galiza non ten un problema coa débeda. ¿Vostede coñece os seus orzamentos? ¿Canto imos pagar este ano pola débeda? É a terceira partida de gasto, despois de sanidade e educación. No que máis pagamos é en amortizar débeda, e en xuros da débeda, máis de 1.700 millóns de euros. Polo tanto, se reducimos un 33 por cento ese pago, estamos liberando millóns de euros...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que se poden utilizar para a sanidade, para a educación ou para atender a principal preocupación que ten a cidadanía deste país, que é a vivenda, señor Rueda.

Mire, a cidadanía deste país ten dereito a saber que vai facer vostede. ¿Vostede vai renunciar a que Galiza teña unha quitación da débeda, si ou non? ¿Vai renunciar a que nos reduzan un 33 por cento a quitación da débeda, si ou non?



Mire, o BNG xa fixo o traballo fácil, que é garantir que Galiza teña unha condonación de 4.000...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** O BNG fixo o traballo difícil: garantir...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Déixeme rematar, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdón, pero o tempo contróloeu eu.

Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...garantir que Galiza vai ter unha condenación da débeda de 4.000 millóns de euros. Faga vostede o fácil e acepte a quitación, e, se lle parece pouco, negocie máis, terá todo o apoio do BNG. Pero o que non... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rematou o seu tempo. Rematou o seu tempo, señora Pontón.

*(Aplausos.)*

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Presidente, a señora Pontón podía estar falando o triplo do tempo que ten, que hai silencios clamorosos, lamentables e indicativos.

É vostede unha covarde, señora Pontón. Cando lle dan medo os seus coroneis e o seu sindicato, cala, e acreditouno. A partir de agora non me volva falar de machismo na vida, que, se é machismo nacionalista, vostede o valida e o aplaude, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Isto é o que hai! ¡Isto é o que hai! ¡Nin dignidade, nin coherencia, nin valentía, silencio clamoroso!, ¡silencio clamoroso e lamentable! ¡Que pena e que mágoa, señora Pontón! Mire, advertimos que é moi difícil tomala en serio, despois do que acaba de demostrar, señora Pontón. Quizais non sexa consciente, ¡eh!, pero xa o verá, lamentará este silencio; este silencio increíble.

Intentando tomala en serio, ¿imos a Madrid, entón, pedir os 4.000 millóns de euros? ¿Imos, señor Besteiro? *(Murmurios.)* Non, se son 4.000 millóns de euros, pagamos os billetes con eses 4.000 millóns de euros tamén, ¡eh! *(Risos.)* Non hai ningún problema. ¡Non hai ningún problema! *(Murmurios.)*

Por certo, queda tamén validada a posibilidade de que cando un xornal diga que vostedes fan un disparate, eu tamén llo ensine e vostede teña que aceptalo, entón, porque, como o di



a portada dun periódico, sexa cal sexa... ¡Un pouco de seriedade neste debate, señora Pontón! ¡Un pouco de seriedade!

Mire, é que estamos falando de vivenda. Vostede xa ao final, como sempre, foi ao que lle interesa, ás súas consignas. Fala de traballo fácil. Bueno, pois, ao final, parece ser que grazas ao BNG de repente todo o mundo vai estar na condonación. Mire, é un negocio ruinoso para Galicia: 40 millóns de aforro de xuros de débeda, como moito —¡40 millóns!—, fronte a perder máis de 600, que é o que estamos reclamando, e fronte a absorber e ter que pagar a débeda da xente, que, iso si, non fixeron os deberes.

Polo tanto, non o imos tolerar; iso si, imos seguir traballando co que temos, e o que temos é seguir traballando para solucionar problemas, que é seguir poñendo medidas enriba da mesa. Mire, a vivenda vai ser un eixo de goberno, xa o está sendo nesta lexislatura. Polo tanto, se queren axudar, estaremos encantados, como están facendo, por certo, alcaldes do BNG. E se queren ser uns estorbos, uns demagogos, falar por falar, dicir cousas que non son verdade, pedir cousas que non están pedindo os seus alcaldes, que está acreditado que onde se están aplicando non están funcionando, ¡alá vostedes! Se o fai, fará o que leva facendo vinte e cinco anos, señora Pontón. E despois a xente vulgará. Mentres, nós teremos que seguir traballando, e ese obxectivo de pasar de 4.000 a 8.000 ímolo cumprir. Ese obxectivo de seguir axudando a xente moza a que poida ter unha vivenda, por suposto, ímolo cumprir. Ese obxectivo de seguir baixando impostos para facilitar a transmisión de vivendas, ímolo cumprir. Ese obxectivo de protexer, de blindar o carácter público das vivendas, que xa está en vigor con esta Lei de orzamentos, ímolo seguir cumprindo. Esa facilidade para transformar baixos en vivendas e que a xente poida acceder a elas, ímolo seguir cumprindo. Esa redución á metade dos prazos para poder poñer chan para que se poidan construír vivendas públicas, xa o estamos facendo. A sociedade esa pública da Xunta de Galicia para construír vivenda —tamén a prometeu Moncloa, e seguen pensando a ver como van facer— xa fixo tres promocións, xa puxo en marcha tres promocións, en apenas un mes.

Xa lle digo que se queren axudar neste ámbito, axuden; se queren ser útiles, estaremos encantados. Insisto, hai alcaldes do BNG que o están sendo, igual que hai alcaldes de todas as cores políticas. Claro, a diferenza é que eles teñen que gobernar, non poden sentar aí e demostrar a súa covardía, a súa falta de propostas e a súa demagogia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Vou dar lectura a unha declaración institucional contra a violencia no deporte.

E aproveito tamén parar saudar os invitados da tribuna, e especialmente tamén os alumnos do colexio Virxe da Piedade, de Vila de Cruces, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.





A declaración di así: «O acontecido o pasado 15 de decembro no pavillón de Vilalonga merece toda a nosa repulsa e a solidariedade coas amizades e familiares da vítima. A agresión que causou a morte de Andrés Rico, un afeccionado que ía ver arbitrar o seu neto, é un comportamento que mostra o lado máis escuro do noso deporte e que non se debe e non se pode volver repetir baixo ningún concepto.

Este manifesto institucional en contra da violencia lese esta fin de semana en todos os campus, estadios e pavillóns de Galicia. É un manifesto difundido polas 59 federacións de Galicia para os preto de sete mil clubs rexistrados en Galicia que conta coa vontade de lembrar a urxencia de que todos, absolutamente todos os implicados no deporte galego, debemos actuar de forma firme e unida ante a violencia.

En Galicia contamos con 300.000 persoas que fan deporte de xeito federado. Unha de cada tres desas licenzas deportivas corresponden a un rapaz ou a unha rapaza de entre 6 e 16 anos. Que a cativada faga deporte dende as idades máis temperás converterá as nenas e os nenos en persoas adultas activas e saudables no día de mañá, tanto física como psicolóxicamente. Que isto suceda depende das mensaxes que transmitamos dende o deporte. As afeccións debemos ser as primeiras en dar exemplo á mocidade para que vexan no deporte un espazo de comunión e amizade, non de separación e de odio.

O deporte é moito máis que unha actividade física; o deporte é un instrumento social, un lugar de encontro, un mecanismo de evasión, unha fonte de saúde, unha terapia psicolóxica e, para moitas persoas, un medio de vida.

Dende o Parlamento de Galicia cremos nun deporte plural, diverso, sen xénero nin idade, para todos e para todas, enriquecedor da sociedade, transmisor de valores, xerador de noticias, formador, igualador, motor de cambio social e tamén axente económico determinante.

Para acadarmos este deporte, resulta imprescindible que eliminemos calquera manifestación de violencia. As administracións e as entidades responsables da xestión do deporte reforzaremos a nosa atención e os nosos mecanismos ante a violencia, mais a repulsa e a condena ante esta lacra deben ser unánimes. A loita contra a violencia é un partido que xogamos todos, e dende o Parlamento de Galicia sumámonos a todas aquelas iniciativas que avoguen pola eliminación de calquera forma de violencia en todos os ámbitos sociais, e hoxe, nomeadamente, no deporte.

Moita grazas». (Apróbase por asentimento.) (Aplausos prolongados.)

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Agora hai unha alteración da orde do día. Correspóndese cunha pregunta ao Goberno de dona Paloma Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.





**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio, en Vilagarcía de Arousa, do proxecto para a construción dunha nova estación intermodal e para o mantemento e adecuación da estación de autobuses**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día.

Señor Rueda e señorías do Partido Popular, non hai máis cego que o que non quere ver, porque xa recoñeceron vostedes que esta condonación vai levar, polo menos, eses 40 millóns de euros anuais de intereses que se van aforrar, e iso vai dar para moitos proxectos. E, por outra banda, porque, ao final, van aceptar esta condenación, e vostedes sábeno de sobra.

E xa centrada na pregunta, traio hoxe aquí unha reivindicación que leva máis dunha década pendente. Vou facer un breve resumo histórico: alá polo 2015 foi cando o Concello de Vilagarcía comezou as negociacións coa Xunta, coa conselleira daquela, a señora Ethel Vázquez, para a construción dunha estación intermodal; unha estación intermodal que é esencial nun concello que é o terceiro máis importante da provincia, que está situado nun punto clave do Eixo Atlántico, que ten un porto exterior con gran volume de mercadorías e que serve de punto de conexión a toda a comarca do Salnés coa AP-9 e tamén por vía ferroviaria.

Pois ben, comezamos no ano 2015 as negociacións e mostrouse a Xunta partidaria. Decía naquel momento: «É un proxecto clave para a conexión territorial do noso territorio». Elaborouse no ano 2021 por parte da Consellería un proxecto de estación intermodal que ía en consonancia cos outros proxectos que se estaban a facer nas principais cidades galegas, comprometéndose a posta en marcha desa nova estación, que conectaría o tren e o autobús e que —segundo dixeron— se financiaría a través da liña 11 dos fondos europeos dentro dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Nun primeiro momento, por parte da Xunta, condicionouse o inicio deste proxecto a que dende Adif se cedesen uns terreos que quedaban afectados. Por parte da alcaldía e da conselleira da área de Vilagarcía iniciáronse as negociacións co Ministerio de Transportes para esa cesión, que finalmente se produciu meses despois. Entón, en principio, xa non había escollos para iniciar o proxecto, e novamente volvéronse poñer en contacto coa Consellería, pero esta vez con moito menos éxito, xa que a señora Vázquez deu a calada por resposta e non volveu reunirse nin contestar aos requirimentos. No único que volveu falar a exconselleira foi nunha ocasión a unha pregunta da prensa, e puxo outra escusa; agora a escusa era que non se faría a intermodal ata que se mellorase o servizo ferroviario que dependía do Estado.

Hoxe, señor conselleiro, eu quero preguntarlle se vai seguir vostede coa actitude da súa antecesora ou se teñen vostedes previsto executar ese proxecto, que está feito dende hai anos e que é principal para a conexión ferroviaria, para a conexión territorial de toda a comarca



do Salnés. E estreitamente vinculado a iso tamén quería dicirle que é necesario apostar por unha intermodalidade real, e isto implica mellorar o servizo de transporte de autobús dende esta comarca, porque non é eficiente se como ata agora a xente da comarca do Salnés ten que coller un vehículo para desprazarse a Vilagarcía polo mal funcionamento do sistema da liña de autobús. A Xunta neste momento non está a solucionar as carencias que se están a producir nese territorio...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CASTRO REY:** Bueno, o seguinte que quero... ¡É que non me puxo o tempo, presidente!

**O señor PRESIDENTE:** Por iso.

**A señora CASTRO REY:** Non puiden calcular a pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** A ver se o conectan aí. Por iso lle digo que remate, por favor.

**A señora CASTRO REY:** ¡Claro, é que así...!

**O señor PRESIDENTE:** Se tivese o tempo, xa sabe que cortaba doutro xeito, pero, por iso, remate, por favor.

**A señora CASTRO REY:** E, a maiores, quereda pedirle —xa que é un edificio de titularidade autonómica— o arranxo do edificio da estación de autobuses de Vilagarcía, que ten unha clara deterioración.

Nada máis polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

Señoría, a verdade é que promover a combinación de diferentes medios de transportes en aras de lograr un modelo de mobilidade máis funcional, máis sostible e máis seguro, que permita unha mellor vertebración do territorio, é unha aposta segura coa que xa levamos tempo na Xunta de Galicia; e, por tanto, non aceptamos moitas leccións, señorías. É así, porque xa na nosa Estratexia galega de mobilidade —que foi presentada xa hai tempo e foi aprobada polo Consello da Xunta— fomentamos —como vostede ben sabe— os desprazamentos a pé e en bicicleta; fomentamos o uso do transporte público, temos unha ampla gama de bonificacións coa Tarxeta da Mobilidade de Galicia; construímos e puxemos xa en servizo algúns aparcadoiros disuasorios —en Vilagarcía estamos esperando tamén por un terreo—; e temos incluído tamén o transporte de ría nesta Estratexia galega de mobilidade. Polo tanto, é unha aposta decidida



do Goberno galego tentar mellorar a intermodalidade en todo o territorio. Levamos anos traballando neste asunto, señoría, e incluímos nesa estratexia e neste traballo as estacións intermodais: a de Ourense, Santiago, Pontevedra e Vigo, que na parte da Xunta están rematadas; a da Coruña e Lugo, nas que estamos traballando xunto co Adif e co Ministerio; e non renunciamos tampouco á de Ferrol, que lle pedimos ao Ministerio en varias ocasións poder firmar un convenio para desenvolver esta intermodal e non nos contesta. Polo tanto, son moitos anos.

Falaba vostede do mal funcionamento do autobús na zona. Mire, para que haxa intermodalidade, ten que haber opcións de diferentes sistemas de transporte; opcións que, no caso de Vilagarcía, é vostede un pouco ousada en vir falar do mal funcionamento do bus e en non dicir absolutamente nada acerca do ferrocarril. ¿Sabe vostede que a semana pasada un tren quedou sen gasoil e un autobús tivo que ir buscar os pasaxeiros para levalos, neste caso, a Lugo? ¿Sabe vostede cales son os cambios nos horarios e os atrasos e as eliminacións das frecuencias dos trens que pasan por Vilagarcía no Eixo Atlántico? ¿Pero realmente vostede é consciente da situación na que está o ferrocarril no Eixo Atlántico, o de media distancia ou incluso a conexión con Madrid? Polo tanto, partimos de que para que haxa intermodalidade ten que haber diferentes medios de transporte, pero é que, aínda encima, crítica a parte da Xunta, pero do ferrocarril non di absolutamente nada, cando é un auténtico desastre, señoría. ¡É un auténtico desastre! Pero non o digo eu, dino as asociacións de usuarios, que falan disto.

Mire, na comarca, nós temos 67 liñas, a maior parte delas con paradas principais na estación, pero sobre todo na avenida da Mariña. Supón máis de trescentos servizos de media nun día laborable en Vilagarcía, señoría. Corenta e sete destas liñas conectan con outros concellos da comarca: Sanxenxo, Cambados, O Grove, Vilanova, Meaño, Ribadumia, Vilanova, Illa de Arousa e Meis; e hai liñas que conectan con Santiago e Pontevedra...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** ...e teñen parada no hospital.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten outro turno despois.

Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Continuamos despois. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** ¿Non me van poñer tempo tampouco? ¡Ah!, vale. *(O señor presidente, Santalices Vieira, pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale.



Señor conselleiro, falaba vostede da execución das obras das outras intermodais noutros territorios. E eu preguntolle: ¿a de Vilagarcía para cando?, porque tamén está proxectada, e non sabemos nada. E a realidade é que un veciño de Vilagarcía tarda máis en chegar ao Grove que a Madrid neste momento. Eu pídolle a vostede as obras da intermodal e pídolle a vostede a mellora do servizo de autobús porque é a súa competencia. Do ferrocarril terei que falar onde teña que falar, pero a competente para o que lle estou a reclamar aquí é a Xunta. E unha eficiente intermodalidade en Vilagarcía permitiría á cidadanía da comarca do Salnés —e á parte do Umia tamén— combinar estes diferentes modos de transporte; e refírome ao ferrocarril, ao autobús e incluso ao marítimo. Sería altamente beneficioso para o traslado destas persoas, pero tamén para as mercadorías, permitindo optimizar custos, tempos e recursos.

A señora Ethel Vázquez no ano 2020 dixo nunha entrevista: «*La mayor intermodal indigna es la que no pasa de una maqueta*». Pois neste caso cambiamos a palabra «maqueta» pola palabra «proxecto», e coincidimos en que é unha indignidade este incumprimento do compromiso adquirido no ano 2020.

Nós, os socialistas, pedímoslle que priorice a necesidade de conexión que existe en Vilagarcía e que desenvolva este proxecto tan necesario: a nova execución intermodal; pero que tamén mellore as liñas de autobús, porque teñen moitas queixas, ou que revise se se está a cumprir realmente por parte da empresa o contrato que teñen firmado. E tamén que acometan obras de mantemento e adecuación no edificio da estación de autobuses e melloren as súas condicións de seguridade, porque é de titularidade autonómica.

En definitiva, o que queremos, como vostedes din moitas veces que gobernan para todos os galegos e galegas, é que demostren tamén que gobernan para os 110.000 habitantes da comarca do Salnés. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Dicíalle que había dez liñas que paraban no Hospital do Salnés. E froito de todo este desprezamento de liñas que temos alí, pois a verdade é que os pasaxeiros, as viaxes, neste último ano, se incrementaron en 580.000; é dicir, que houbo un incremento dun 12 por cento. Polo tanto, señoría, coincidirá comigo en que creo que a oferta é ampla e variada. Seguramente se pode mellorar, pero non me diga que, cando incrementamos este número de viaxeiros, a oferta non responde ás necesidades; á parte dos menores de 21, que son 1.800, e dos maiores de 65 —oitocentas tarxetas nesta comarca— que se están beneficiando de poder viaxar gratis todos os días no autobús que depende da Xunta de Galicia.

Pero dicíalle que fomentar o transporte intermodal non é só construír unha estación, porque se temos unha estación e o ferrocarril non funciona, entón, temos problemas. Na parte da Xunta de Galicia, o servizo de transporte de Galicia de autobús está a funcionar, e poderase



seguir mellorando e seguiremos mellorando, se é necesario, pero ten que haber máis oferta doutros medios de transporte, que, ao final, ao que leve é a que as persoas non queiran utilizar o seu vehículo privado e collan ou escollan a opción de ir en transporte público. E iso, señoría, no día de hoxe non se dá en Vilagarcía.

É certo —e debería saber— que a principal parada —como lle dicía antes— non é a estación de autobuses de Vilagarcía, senón que é outro punto distinto. E cando se introduce unha pequena variación nesas liñas de transporte ou se introduce unha parada distinta, isto causa un efecto dominó en todas as liñas e en todas as frecuencias. Recórdolle que falabamos de trescentas liñas que entraban todos os días e que todos os días pasan por Vilagarcía; polo tanto, cambian horarios, cambian itinerarios, hai que previlo coa antelación suficiente e hai que estudar se é bo ou non é bo.

Con respecto a ese proxecto ao que vostede aduce, efectivamente, hai que dicir que había un proxecto que temos que consensuar co Concello, que temos que poñer enriba da mesa e no que temos que ver cal é a mellor opción. Esperemos ter a colaboración do Concello de Vilagarcía e esperemos que esta consellería teña un pouco máis de sorte que a miña compañeira —que hoxe non está—, a conselleira de Medio Ambiente. Fíxese vostede, en Medio Ambiente, en Sanxenxo e en Poio, pagan o trinta por cento da depuradora; en Ferrol, o trinta por cento; en Vilagarcía, inviste a Xunta nos colectores 9 millóns de euros e o Concello non pon nada, e agora, na depuradora, o Concello négase a poñer nada. Polo tanto, é moi difícil colaborar con algúns concellos, señoría, de verdade, aínda que os intentos deste Goberno non van decaer.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Retomamos a orde do día e volvemos ás proposicións non de lei. Neste caso, á do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o punto 2 do texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*<<2º.- Avaliar a través da autoridade mineira galega competente o procedemento de outorgamento da autorización do dereito mineiro solicitado para a explotación da mina de Touro e Pino, facendo garantir*



*o máximo control medioambiental e exixindo o maior grado de cumprimento, conforme á fronteira tecnolóxica existente, da normativa de sustentabilidade ambiental máis rigorosa, así como todos os requisitos e condicionantes previstos na Lei de ordenación da minería de Galicia e Lei estatal de Minas.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

Hai veces que na vida se nos presentan situacións que poden ser unha vantaxe clara ou unha condena, segundo se mire; por exemplo, que alguén negocie por ti e che quiten de enriba un terzo da hipoteca, que che quiten a terceira parte da débeda que ti fuches aumentando ano tras ano, calquera persoa consideraría que é unha cousa boa; para o Partido Popular é pouco menos que unha ofensa. Ter unha terra como a que temos nós, rica en minerais, en recursos, en centos de potenciais aproveitamentos é unha vantaxe clara; pero o Partido Popular decidiu que a vantaxe ía ser só para unhas cantas empresas amigas e que a explotación ía ser unha condena para o noso pobo. E así encargouse de poñer os montes á disposición de todas as empresas que quixesen, que considerasen oportuno, planificar un parque eólico, aproveitar o noso vento para incrementar o seu lucro; mentres que para nós queda o monte arrasado, as fontes e os regatos alterados, as liñas de alta tensión cruzando o país e a luz, aínda por riba, máis cara. E para cando non chegue o monte, aí teñen o mar, que, total, a pesca de baixura xa se buscará a vida. E así parece que é o que queren facer tamén co cobre: pretenden converter Galiza nunha barra libre de recursos, nunha terra de sacrificio, para asentar industrias que se autorrecoñecen como industrias de enclave para desenvolver no fondo unha política colonial na que as empresas sempre gañan e aquí só nos queda refugallo e destrución.

E, como exemplo, o que está a pasar en Touro e no Pino. A xente de Touro xa sabe o que é ter unha mina. Saben perfectamente e aínda lembran as voaduras diarias e como facían tremer os cristais das fiestras; lembran os camións cargados pasando arriba e abaixo por diante das súas casas. E, por suposto, coñecen tamén a destrución e a contaminación que quedou despois da mina. E agora enfróntanse a un novo proxecto mineiro. Ben, o novo proxecto non; é un proxecto que fixo un *anti-aging*, porque realmente é un proxecto vello e coñecido. Un proxecto que se presenta agora con aires renovados, pero que continúa a ser o mesmo que se presentou en agosto de 2017 e que recibiu unha declaración de impacto ambiental negativa desfavorable en xaneiro de 2020.

A Lei 21/2013, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 39.4.c a posibilidade de non admitir a trámite un proxecto por non ter cambios substanciais a respecto dun que xa foi rexeitado. Mais o Partido Popular decidiu embarullar e volver tramitar o tramitado, quizais coa esperanza de que desta vez o resultado sexa diferente.

Un proxecto que, incluso estando no proceso de exposición pública, había partes que non eran públicas, que estaban censuradas polo seu suposto carácter segredo e confidencial. Confidencial, algo tan básico como coñecer cal é o entramado empresarial que está detrás deste proxecto que agora se presenta.





Un proxecto mineiro que é unha ameaza para o futuro de Touro, do Pino, de Arzúa e de Vila de Cruces, pero tamén para o futuro do Ulla e da ría de Arousa, e tamén para todo o país. Para o futuro do sector agrogandeiro, que é fundamental na comarca de Arzúa, mais tamén para o marisqueo na Arousa. Ameaza directamente a supervivencia de dous sectores fundamentais no día de hoxe na economía galega.

Un proxecto que supuxo o pronunciamento do Icomos, porque o Camiño de Santiago, o Camiño Francés, pasaría a tan só dous quilómetros, pero o Camiño Holandés ou a ruta ciclista Eurovelo 3 pasarían directamente polo límite da explotación mineira.

Un proxecto que ameaza directamente a propia pervivencia de Fonte Díaz e de Touro, un concello que xa habitualmente sofre restricións de auga no verán e que esta mina só vai empeorar. Por se acaso, a empresa xa se coidou de non explicar no proxecto todos os consumos de auga que vai precisar para as súas actividades.

Un proxecto que pretende chantarnos unha mina a ceo aberto coma se estivésemos no século XIX, sen nin sequera considerar outras alternativas que terían un menor impacto sobre o territorio.

Un proxecto que é unha ameaza directa para a aldea de Arinteiro, na parroquia de Loxo. Arinteiro, para quen non a coñeza, é a unha aldea viva, na que no día de hoxe vive xente, onde hai explotacións gandeiras e que ficaría sepultada entre dúas tremendas balsas de inertes; unha delas a tres quilómetros e oitenta metros de altura, con capacidade para 30 millóns de toneladas de residuos, e outra a pouco máis de douscentos metros, con capacidade para 69 millóns de toneladas.

E todo isto pola fabulosa contraprestación dunha suposta creación de emprego. O proxecto indica, aínda que non xustifica, que se crearán 421 postos de traballo directo. Pero non explica nin cal é o método de análise para inferir esa cifra nin se proporcionan os investimentos desagregados por rama. Iso si, na fase inicial do proxecto, a que ten maior investimento e suporía a maior empregabilidade, o proxecto si que recolle que «*se generan 64 empleos directos en los municipios de Touro y O Pino*». En castelán no orixinal, por suposto. É dicir, un total e absoluto acto de fe que, ademais, incluso fraquea nas previsións da empresa. E, por certo, ¿cantos empregos destruíría?

A mina de Touro e o Pino é unha ameaza para o futuro, mais tamén é unha condena para o presente. Díxenlles que en Touro xa houbo unha mina que estivo funcionando pouco máis dunha década nos anos setenta e oitenta. Anos onde Touro e a comarca enteira se foi desangrando pola perda constante de poboación. ¿E que pasou unha vez que cesou esa explotación mineira? Pois abonda con achegarse por Touro para ver cales son as consecuencias. (*A señora Carreira Pazos amosa unha fotografía.*) Esta é a situación hai unha semana da balsa de Bama, balsa que despois vai verter ao río Brandelos. (*A señora Carreira Pazos amosa unha fotografía.*) Esta é a situación da balsa de Vieiro, que tamén vai verter ao mesmo río Brandelos. (*A señora Carreira Pazos amosa unha fotografía.*) Este é o río Portapego no seu nacemento. (*A señora Carreira Pazos amosa unha fotografía.*) Este é o río Portapego un pouco máis adiante. O río Portapego cruza Fonte Díaz e despois vai verter ao río Lañas. Balsas, escorrentías e ríos que verten





directamente ao Ulla e que poñen esta bacía nunha situación de contaminación grave e constante. ¿E que fixo a Xunta de Galiza a este respecto? Mirar para outro lado e, cando xa non se podía mirar máis, poñer a sanción máis leve posible.

Desde o BNG traemos esta iniciativa pensando no futuro, mais tamén pensando no presente. Por iso instamos a Xunta a atender a realidade actual e garantir a boa saúde da bacía do Ulla e dos ríos Lañas, Brandelos, Portapego, Pucheiras e todos os que no día de hoxe sofren a contaminación da mina de Touro. Mais tamén actuar de cara ao futuro, opoñéndose a que se volva poñer en funcionamento unha explotación mineira en Touro e no Pino.

Non traemos hoxe a debate unha cuestión técnica, senón unha cuestión claramente política: defender o futuro do país ou defender os intereses dunha empresa. Decisión política, igual que a de decidir ser comerciais e embaixadores de Altri ou a de renunciar a unha quitación da débeda que permitiría aumentar o orzamento destinado aos servizos públicos, porque lles cadra ben cos discursos que veñen marcados polos seus colegas afincados en Madrid.

Agardamos que o Partido Popular rectifique e que deixe de facer que a riqueza colectiva sexa só un lucro para uns poucos e total miseria para os demais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Saudamos os alumnos de segundo da ESO do centro salesiano Juan Bosco da Coruña e tamén os seus profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Por moito que o señor Rueda repita, non se entende. Eu penso que os galegos e as galegas non entenden que se che perdoan unha débeda non saes favorecido. Máis que de primeiro de Economía, eu diría que é de primeiro de EXB. Pero cada un que saque as súas conclusións.

As socialistas galegas temos a firme convicción de que todo proxecto industrial, mineiro ou eólico que queira implantarse no noso país ten que cumprir tres requisitos. O primeiro, a sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade económica, pero tamén algo moi importante, que é a sustentabilidade social. E sempre o dixemos, sen excepcións: son as tres patas da mesma mesa.

Que o Goberno galego é opaco e moi pouco transparente na tramitación de autorizacións e concesións mineiras é un feito certo. Pero tamén é certo que para as socialistas galegas unha liña vermella que non podemos pasar é a de apoiar o segundo punto da iniciativa do BNG, que pide denegar a autorización mineira de plano, sen avaliación e sen un exame de fondo



sobre o cumprimento ou non dos requisitos legais do novo proxecto da mina de Touro. Para nós o límite negativo e positivo sempre vai ser o cumprimento legal. Por iso confiamos en que se acepte a nosa emenda de modificación do punto 2 da iniciativa do BNG para poder votar a favor.

Evidentemente, as socialistas exixiremos sempre ao Goberno galego o cumprimento estrito e rigoroso da normativa medioambiental, pero tamén lle exiximos ao BNG ese debate rigoroso dentro da mesura e do equilibrio, que é moi necesario, sobre todo nun contexto xeopolítico que, sempre o repito, se está a tambalear a nivel mundial, no que todo se decide a golpe de tuits, pseudoverdades e bulos e onde, máis ca nunca, as regras da que nos dotamos deben ser respetadas. O sistema e o Estado de dereito debe ser sempre o límite a ese movemento anti-sistema trumpista que todo parece que o vai invadir. O doado é situarse sempre no «non».

Tamén quero dicir á plataforma, aos veciños, á veciñanza dos concellos afectados pola mina de Touro, aos que recibimos a miña compañeira Paloma Castro e eu aquí, no Parlamento, que as socialistas comprendemos perfectamente as súas inquedanzas e compartimos, de feito, todas as alegacións; sobre todo, tendo en conta todos os antecedentes desta mina, da contaminación, das aberracións cometidas no procedemento, así como da permisividade absoluta da Administración galega no seu deber de sixilo e inspección e de vixilancia.

Pero tamén digo que a proba de que o sistema legal funcionou foi a denegación do proxecto orixinario, cunha DIA negativa en 2021, debido aos factores moi críticos que se puxeron de manifesto, que supoñían un risco ambiental e social significativo. O proxecto denegado non presentaba garantías suficientes para evitar as filtracións de metais pesados e outras substancias contaminantes no río Ulla e tamén na ría de Arousa. Ademais, o plan de peche da restauración da antiga mina non ofrecía solucións claras nin eficaces para recuperar a zona unha vez finalizada a explotación. E tamén vos digo aquí que, se o novo proxecto de explotación da mina de cobre é un xemelgo do anterior proxecto, a DIA tamén ten que ser si ou si negativa.

Como voceira de enerxía e industria aseguro que fiscalizaremos o Goberno galego para que cumpra de forma estrita e rigorosa a normativa medioambiental, pero tamén o cumprimento da Lei de ordenación de minería de Galicia. Unha lei pioneira do ano 2008 con exixencias moi posteriores a nivel medioambiental e de exixencia de solvencia técnica e financeira que a propia Lei de minas estatal do 1973. Coñezo ben esa promoción da lei que naquel momento promulgou a Dirección Xeral de Enerxía e Minas no Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño.

Pero, de verdade, tamén digo que non podemos denunciar presións aos funcionarios polo proxecto de Altri que, evidentemente, son absolutamente denunciabes, ao tempo que pedir que se deneguen de plano autorizacións e que se tramite o procedemento. Como dicía, son as regras das que nos dotamos e son aplicables para todos os deputados e deputadas.

Dito o anterior, os socialistas somos tamén conscientes de que a historia das minas en Galicia é un xigante con pés de barro. Minas abandonadas que se utilizan para vertedoiros ou antigas explotacións mineiras que datan da época do franquismo, incluso de antes, que deberían ser caducadas e non foron caducadas por este Goberno galego.



Eu diría que o están a facer non mal, senón moi mal, na planificación e sustentabilidade ambiental dos nosos recursos naturais mineiros. Amosan así as anulacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, incluso dilixencias penais que se abren por delitos medioambientais, porque a autoridade mineira galega non é dilixente.

Imos poñer nomes, porque así entendémolo todos mellor: mina de ouro de Corcoesto; mina de San Fins; mina de Penouta, que se acaban de abrir dilixencias penais por delito medioambiental agravado por existir perigo para a saúde pública das persoas; mina de feldespato de Muras; restauración do Plan de explotación mineira de Casalonga, de Toysal, no concello de Teo. E así poderíamos seguir.

E, asemade, no caso da mina de Touro estamos a ser testemuñas presentes de que tamén o deber de inspección e de sixilo está a fallar de maneira escandalosa. ¿Por que o digo? Pola falta de contundencia de Augas de Galicia, que impuxo en decembro de 2024 unha sanción irrisoria, unha sanción mínima por verteduras de residuos industriais contaminantes sen autorización.

O expediente sancionador acredita alta contaminación, que segue, por metais pesados procedentes da balsa de residuos mineiros do Vieiro ao rego de Pucheiras. Evidentemente, a sanción imposta a Explotacións Galegas, propietaria da mina de Touro, por vertedura contaminante ao dominio público hidráulico. A empresa galega é socia de Atalaya Mining para a reapertura da mina. Coñecendo estes datos e antecedentes da Autoridade Mineira Galega, as socialistas preguntámonos: ¿de verdade que nos podemos fiar de que o Goberno galego vai velar polos intereses xerais por riba dos intereses dunha empresa neste proxecto de mina de cobre? Pois temos serias dúbidas. Por outra banda, debe o Goberno galego escoitar a sociedade civil, os veciños, as veciñas e os concellos afectados.

Os proxectos mineiros, como dicía ao principio, teñen que cumprir eses tres requisitos: sustentabilidade ambiental, social e económica. O Goberno colócase de costas á poboación, non escoita, non é transparente e, hoxe en día, é unha administración tremendamente opaca con todos os proxectos estratéxicos que quere desenvolver no noso país.

Ademais, tamén dicimos as socialistas que nesa avaliación que se faga tamén deben ter en conta as afeccións socioeconómicas negativas, que hai moitas, tanto sobre o sector pesqueiro, marisqueiro, agrogandeiro, para Galicia, que pode verse gravemente prexudicado. Claro que vai haber tamén perdas económicas e perdas de emprego se esta mina reabre. E a posibilidade de contaminación das augas prexudicando tamén, da filtración das balsas, e os riscos de impacto negativo no turismo rural e ambiental da comarca. E a relevancia, que se apuntaba tamén, do Camiño de Santiago.

En definitiva, e xa remato, as socialistas de Galicia estaremos moi vixiantes de que o novo proxecto en tramitación da mina de cobre non sexa unha historia de xigantes con pés de barro, no que o Goberno galego de novo volva poñer alfombra vermella a calquera empresa sen comprobar a solvencia técnica e económica para que explote os nosos recursos mineiros, que son dominio público. Exixiremos, por tanto, o cumprimento estrito dos requisitos legais e, de ser o novo proxecto mineiro en tramitación un xemelgo do anterior, o resultado debe ser o mesmo: a denegación do proxecto. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á quenda de intervención.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moitísimas grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Moi bos días aos invitados que nos acompañades hoxe.

Eu, señorías, voules explicar un pouco, xa que falan das analoxías das hipotecas. Eu teño un piso en Montealto, na Coruña, un piso humilde, e agora resulta que vén o Partido Socialista, o señor Besteiro, e me di que asume un terzo da miña débeda, cando xa me queda pouco por pagar. Pero, claro, resulta que para asumir ese terzo da débeda teño que asumir eu o terzo da débeda que ten *lady* Toralla polo seu chalé. E claro, señoría, non compensa, non compensa. ¿Ou non? ¡Claro! Entón, o que me parece alucinante é que vostedes veñan cun argumento tan burdo a esta Cámara e pretendan facerlles crer a todos os galegos que iso é un bo negocio para nós.

Miren, falan vostedes de que nos van condonar 4.000 millóns e, sen embargo, estáseme dicindo que temos que asumir unha nova débeda de 5.000 millóns. Xa van en torno a mil millóns de perdas sobre o que vostedes plantexan. Pero o que eu non entendo é ese interese que ten o Bloque Nacionalista Galego en facernos crer que isto é cousa súa. ¡Non o entendo! Ou sexa, resulta que o goberno de España aproba un instrumento de oitenta e pico mil millóns e aquí vén o Bloque Nacionalista e di: «Non, é que 4.000 é responsabilidade nosa. Grazas a nós acadamos esa gran negociación». Explíqueme vostedes, primeiro, se cren que é crible para o resto da cidadanía, para o resto dos galegos, porque eu creo que ninguén os cre a vostedes. E, segundo, vostedes están aquí felices de que se nos veña cun plan que supón 1.486 euros menos para os galegos e, sen embargo, para os cataláns son 2.136 euros. Outra vez vostedes volven defender o Goberno central cando supón un maltrato para todos os galegos e galegas. (*Aplausos.*) E, claro, señorías —e xa vou á cuestión, porque me chama a atención o presidente, e agradézollo—, pero é que claro, aínda enriba pretenden facernos crer que son os artifices. Pero, claro, son tan xenerosos que deixan que sexa Oriol Junqueras o que faga o anuncio da condonación da débeda para os galegos. Non sei, eu penso que ninguén os cre.

Dicía vostede, señora Carreira, que no ano 2020 a Xunta de Galicia, coa normativa que temos aprobada, e os funcionarios que están a facer o novo traballo dixeron que había unha DIA negativa a un proxecto mineiro. ¿Por que vostede pensa que esa mesma Xunta de Galicia e que eses mesmos funcionarios que actuaron de forma tan rigorosa hai catro anos agora non vai ser así? ¿Por que? ¿Por que a vostede lle pareceu moi ben o traballo dos funcionarios de hai cinco anos e agora, sen embargo, vostede ten unha sospeita de que iso non vai ser así. Señoría, ¡que fácil sería esperar a ver o resultado da nova DIA e despois falar. Pero vostedes



non, porque vostedes son os do «non polo non». A vostedes dálles absolutamente igual o que diga a DIA. Vostedes xa teñen fixado o seu criterio e a partir de aí o que empezamos é a presionar a ver se os funcionarios e a ver se a Xunta de Galicia din o que vostedes queren escoitar.

Creo, señorías, que todos deberíamos ter claro que o noso papel coas tramitacións ambientais debería ser o de permitir tramitar todos os proxectos de acordo coa legalidade, gústennos ou non nos gusten; que a legalidade e o procedemento administrativo fose o único que se guise os nosos posicionamentos. Polo tanto, señoría, posicionarse a favor o en contra cando non coñecemos o contido dos informes sectoriais é unha temeridade. Pero non só é que sexa unha temeridade, é que se nós dicimos á administración o que teñen que facer sería tamén unha prevaricación se a Administración actuase non de acordo á legalidade.

Pero vostedes son os do «non». Vostedes, xa saben, non queren que haxa industria, non queren que haxa proxectos de minería sostible, non queren que haxa enerxías renovables, non queren que haxa turismo, non queren tampouco construción. ¡Pero se non queren nin sequera que estea Inditex, nin queren tampouco Reganosa, nin queren tampouco Sogama, nin queren tampouco Abanca! Vostedes son os do «non», o «non polo non». «Non» contra todo o que poida crear emprego e riqueza en Galicia. Así son vostedes, señoría. *(Aplausos.)*

Como creo que descoñecen como é o procedemento, voules lembrar que todos os proxectos mineiros se someten a unha tramitación absolutamente garantista por parte da Administración galega. E serán os técnicos da Administración cando corresponda, non cando diga o Bloque Nacionalista, os que certificarán se se cumpre a lexislación vixente. E se nalgúns casos din non á declaración da DIA, outras veces poderá saír positiva. Pero iso non é o que nos atende a nós, ou o que nos corresponde decidir a nós; iso correspóndelles decidilo aos funcionarios, segundo a lexislación. Señorías, serán os técnicos os que determinen se este proxecto é viable ou non e, de non selo, non se preocupen que non vai saír adiante. Porque precisamente a Xunta de Galicia está para velar precisamente polo cumprimento da legalidade; non polos caprichos arbitrarios do Bloque Nacionalista Galego. Estase a aplicar, señorías, un procedemento regrado na normativa vixente, con trámites perfectamente definidos e con tempos que responden ás necesidades técnicas e non políticas.

Polo tanto, non podemos apoiar unha iniciativa que nun dos seus puntos se pon por riba da lei, invade un procedemento administrativo e arbitrariamente lles di aos empregados públicos o que teñen que facer en relación cun expediente específico; todo isto, por suposto, á marxe da lexislación vixente, a normativa que se ten que aplicar, o dereito de todos os galegos, do procedemento administrativo que se ten que aplicar e do criterio técnico da experiencia e da profesionalidade dos empregados públicos.

Señorías, creo que, en vez de intentar dicirlles aos funcionarios como teñen que resolver os diferentes expedientes, deberíamos permítelles facer o seu traballo con total independencia e suxeitos unicamente á legalidade, señorías. É máis, deberíamos defender o rigoroso traballo que desenvolven os técnicos da Xunta de Galicia e, en consecuencia, condenar todo tipo de presión cara a eles. É moi difícil cualificarse como demócrata e pretender que os funcionarios traballen con presións. Deberíamos ser moito máis prudentes coas nosas afirma-





cións, coas afirmacións que facemos. Porque, créame, poñer en dúbida sempre a súa independencia e a súa profesionalidade é a peor forma de presionar os técnicos da Administración. (*Aplausos.*)

Pero, señoría, eu e o meu grupo sempre defenderemos o traballo escrupuloso que realizan os técnicos, que son os que teñen a última palabra en función da documentación que avalían. E, señorías, sempre defenderemos o seu traballo, gústenos ou non nos guste a resolución que eles asinan, porque ese é o seu papel nun Estado democrático de dereito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

Señor Trenor, eu entendo que estea preocupado pola felicidade das deputadas do Bloque Nacionalista Galego. Somos felices a pesar de ter un goberno na Xunta de Galiza agora que está máis preocupado por seguir os mandatos da rúa de Xénova que por gobernar este país. (*Aplausos.*) ¿Sabe o que non nos fai felices? Que o pago da débeda sexa a terceira partida máis cuantiosa do orzamento ou que vaia máis destinado a pagar a débeda que á Consellería de Política Social enteira. Iso si que non nos fai felices, non sei se o fai feliz a vostede.

Desde o BNG trouxemos a debate unha iniciativa pedindo —ademais creo que o explicitarei claramente— un posicionamento político, non un posicionamento técnico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, espere, tranquilo, que eu sei ben o que dixó aquí nesta tribuna. (*Aplausos.*) Non sei se vostede tivo tempo a escoitarme, porque ás veces aquí vimos tamén para escoitar.

Desde o BNG non desconfiamos en ningún momento do traballo dos técnicos nin do funcionariado. ¿De quen desconfiamos? De quen está ditando as normas á medida xusta para que as empresas saian sempre beneficiadas por riba do interese xeral. ¿De quen desconfiamos? Do Goberno que cesa e aparta aqueles técnicos que fan o que non lle gusta a este Goberno. ¿De quen desconfiamos? Do Partido Popular, que non lle chega este Parlamento nin toda a maquinaria que terán como partido para manipular e lanzar bulos que incluso manipulan —¡oh!, cousa rara— a TVG para anunciar en outubro que Cobre San Rafael estaba recollendo currículos, porque reabrira a mina de Touro cando a mina aínda non se sometera ao proxecto e nin sequera a exposición pública. Iso é o que nos preocupa. (*Aplausos.*)

Están vostedes preocupadísimos polos criterios técnicos que van dar si ou non a esta mina, cando, xa llo dixen, o que buscamos é un posicionamento político. ¿Vostedes están a favor da mina ou están en contra da mina? ¿Cal é o punto neste xogo? Quedou claro que o BNG está en contra da apertura desta mina. O que non me quedou claro é —ben, non me quedou claro; non o dixó claramente o señor Trenor— cal é o posicionamento do Partido Popular. Tampouco me quedou moi claro cal é o posicionamento do Grupo Socialista. E, como xa lle





dixen, a Lei 21/2013, de avaliación ambiental, no seu artigo 39.4 recolle os supostos para non admitir a trámite un proxecto. No punto c) dese apartado 4 recolle que se o seu proxecto que se presenta é análogo a un que xa foi rexeitado poderíase non admitir. ¿Vostedes están cómodos con esta admisión de novo dun proxecto que é análogo ao xa presentado? ¿Vostedes están cómodos volvendo tramitar algo ao que xa tivo unha valoración negativa?

De todas formas, desde o BNG estamos dispostos a chegar a unha transacción coa emenda do Partido Socialista. Xa que están tan preocupados pola prevaricación, agora si, na Xunta de Galiza, nós estamos dispostos a modificar o noso punto 2, que no lugar de onde pon «non autorizar» que poña que a Xunta non vai apoiar este proxecto, porque sabemos que o apoio é directo por alguén que debería non ser parte nesta regra do xogo.

Déixolles enriba da mesa esa opción e teñan vostedes claro que nós, dende o BNG, non imos apoiar nunca un proxecto que é tan lesivo para o noso territorio e que xa, no día de hoxe, co dano que hai sobre o concello de Touro, está a producir un dano cuantioso sobre a bacía do Ulla e sobre a ría de Arousa. Por certo, ningún dos dous grupos que interviñeron tivo a ben pronunciarse sobre o punto terceiro da iniciativa e sobre se a Xunta de Galiza vai facer algo para restaurar a saúde da bacía do Ulla.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, in fine, no texto da parte resolutiva un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar as mesmas bonificacións, que nas autoestradas de titularidade estatal AP-9 e AP-53, nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, como paso para implantar a gratuidade total nas devanditas autoestradas.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Roberto Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.



Bo día a todos.

Un especial e agarimoso saúdo aos nenos e ás nenas da miña cidade que hoxe nos acompañan na tribuna, que hoxe nos acompañan na tribuna.

Hoxe, 26 de febreiro do 2025, considero importante comezar por fixar este punto, no que entendo que todos deberíamos concordar. Estamos no ano 2025 e, polo tanto, toca falar dos acordos e das decisións que hai que adoptar no ano 2025 para ter unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta, tal e como, por certo, señorías do BNG e do PSOE, prometeron aos galegos.

É entendible que vostedes queiran fuxir deste debate e falar das decisións doutros tempos e de decisións noutras autoestradas. Síntoo, hoxe toca falar exclusivamente da AP-9. Por iso adianto xa que non imos aceptar a emenda presentada polo Partido Socialista. Non vou perder nin un minuto en valorala, porque hoxe non toca. E miren que era tentador, porque resulta que nesa emenda piden vostedes aplicar na AG-55 e na AG-57 as mesmas bonificacións que na AP-53. Pero señorías, ¡que a AP-53 segue no día de hoxe a ser a única autoestrada estatal de todo o país que non ten ningunha bonificación! (Aplausos.) ¡Por favor! Xa, xa sei. Xa sei que teñen un acordo, pero claro, señorías, ¿que motivos podemos ter os galegos para desconfiar dos seus acordos? ¿Que motivos podemos ter para non confiar nas súas palabras? ¿Ou é que lles hai que lembrar que estamos a debater a transferencia e a gratuidade da AP-9 que tamén acordaron e prometeron aos galegos e aquí estamos, señorías? E aquí estamos.

Señorías, Galicia aspira dende hai dezaseis anos a xestionar a autoestrada que a vertebrada. En decembro de 2023 este Parlamento aprobou por unanimidade, por cuarta vez, solicitar a transferencia a Galicia da competencia sobre a súa xestión nos termos previstos na proposición de lei orgánica de transferencia. Isto é, asumindo as repercusións económicas e financeiras dos convenios en vigor, das actuacións en infraestruturas xa comprometidas e as necesarias do futuro no que non sexan responsabilidades da Xunta de Galicia; en concreto, a posible nulidade das prórrogas. E asumindo tamén a dotación necesaria para ampliar as bonificacións e eliminar o incremento anual do un por cento que durante vinte anos soportaremos polo acordo do Goberno do señor Zapatero.

A partir dese momento foi medrando a desconfianza en que isto puidese ser unha realidade. Desconfianza que cesou cando xa no pasado mes de outubro Sánchez dixo «non» á transferencia, «non» á gratuidade e «non» ao rescate da AP-9. Dixo, en definitiva, «non» a Galicia.

«Non» á transferencia. Señorías do Partido Socialista, descoñezo quen tomará hoxe a palabra a continuación. Non sei se será o seu voceiro na materia, o señor Font, ou se xa decidiu tirar a toalla ante as continuas cambadelas do seu partido ao seu labor parlamentario. Sexa quen sexa, quero trasladarlle a miña solidariedade por ter que subir hoxe defender as decisións do seu Goberno, a última onte mesmo. Porque, señorías, dende onte van xa 21 prórrogas ao trámite de emendas da Proposición de lei orgánica de transferencia. ¡Menudo papelón vir hoxe aquí defender un Goberno que no que vai de lexislatura dilatou en 21 ocasións a promesa feita aos galegos! (Aplausos.) Se sumamos os quince aprazamentos da lexislatura pasada, xa levamos 36 labazadas ao acordo unánime deste Parlamento. Non é que a Galicia



se lle estea a negar a transferencia, señorías; é que a Galicia estáselle a negar o debate. Un absoluto desleixo ao acordo unánime da primeira institución de Galicia, que merece unha condena igualmente unánime. É inexplicable, señorías, non están a humillar a Xunta de Galicia que goberna o PP; están a humillar o pobo de Galicia, que é o que está representado neste Parlamento.

«Non» á gratuidade. En canto á gratuidade, pois a situación neste 2025 é que as taxas da AP-9 son as máis altas da historia: percorrela de Ferrol a Tui custa dende o 1 de xaneiro 26,85 euros. A maior suba experimentaa o tramo entre a Coruña e Vigo, que supera por primeira vez os 20 euros. Dende que goberna Pedro Sánchez, a A-9 converteuse na autoestrada na que máis subiron as peaxes en España, cun incremento acumulado que supera o 28 por cento. E, neste 2025, tamén na autoestrada na que máis subiron as peaxes en Europa. (*O señor Rodríguez Martínez amosa un gráfico.*) Mentres as principais vías europeas de pago están a actualizar as súas tarifas por debaixo do IPC e sitúan a media de suba nun dous por cento, Sánchez, co apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego, sobe a AP-9 máis do dobre. Aquí o teñen: Francia, 0,92; Irlanda, 1,7; Portugal, 1,97; Polonia, 3,3; a AP-9, máis dun cinco por cento.

¿Queren un exemplo concreto, señorías? (*O señor Rodríguez Martínez amosa unha fotografía.*) Ponte de Oresund, que une Copenhague e Malmo. Oito quilómetros de lonxitude, a ponte combinada máis longa de Europa; suba: 1,97. (*O señor Rodríguez Martínez amosa unha fotografía.*) Aquí a nosa ponte de Rande en Vigo, moito máis bonita, pero só de un quilómetro e medio; suba do nove por cento. Nisto si que nos converteu aos galegos Sánchez nos primeiros de Europa. ¡Nisto si! (*Aplausos.*)

Miren, desde que Sánchez preside España liberou de pago catro de cada dez quilómetros de peaxe. Mil quilómetros menos de pago en toda España. Os últimos 34, a AP-7 hai dúas semanas pese a contar cunha vía de alta capacidade alternativa e libre de peaxes. Si, mil quilómetros, tres veces máis que todos os quilómetros de pago que o Estado ten en Galicia. Os máis caros de España e de Europa. ¿Saben cantos quilómetros liberou Sánchez en Galicia, señorías? Cero.

«Non» ao rescate. O «non» ao rescate neste 2025 tradúcese en que ese mantra de PSOE e BNG de que os galegos e as galegas pagamos na AP-9 a unha concesionaria por culpa da prórroga acordada polo Goberno central no ano 2000 xa non cola máis. Señorías, acabouse o comodín da prórroga de Aznar, que, por certo, ás veces esquecen... (*Murmurios.*) Como se alporizan... Teñan paciencia, por favor. Señor Bará, logo poderá vostede falar. Señorías, acabouse o comodín da prórroga de Aznar, que, por certo, foi a cambio de que a AP-9 chegase a Ferrol e a Tui, que, ás veces, esquécense. Ás veces esquécense ata de que gobernan e apoian o Goberno, non se van esquecer diso...

Tras coñecerse a nova contía anual das bonificacións para este ano 2025 xa non hai escusas para rescatar a AP-9. No pasado setembro, a Xunta remitiu ao Ministerio un estudo que partía do custo previsto de 56,3 millóns anuais, pero que agora está en 81 millóns. Con esta nova cifra o custo da indemnización polo rescate, aplicando unha taxa de desconto, é similar ao das bonificacións ata o final da concesión. Polo tanto, acabáronse as escusas. ¡Se os ga-



legos no día de hoxe seguimos a pagar as peaxes máis caras de España e de Europa é por culpa de quen agora no 2025 ten a responsabilidade de que iso non sexa así! Exiximos, señoría, un trato xusto, un trato equitativo que se nos está a negar.

Descoñecemos a información que foi remitida á Comisión Europea tras a apertura dun expediente para analizar a situación da moratoria da concesión. Descoñecemos os termos do estudo realizado polo Goberno de España sobre o custo económico do rescate da concesión, do mesmo xeito que non dispoñemos dos datos que o levaron a concluír que non é viable. Urxe un estudo serio e rigoroso sobre eses custos. Descoñecemos as condicións e as negociacións que mantén o Goberno central coa concesionaria. O que si coñecemos son os pronunciamentos do Consello Consultivo e da Comisión Galega da Competencia, que alertan do carácter abusivo dos acordos entre o Estado e a concesionaria. Hai tempo que a Xunta insta o Goberno do Estado a revisar eses acordos. Pero neste 2025, neste ano que é no que estamos, por primeira vez Audasa superará os douscentos millóns de euros de facturación, e o grupo por primeira vez superará probablemente os cen millóns de euros de ganancias. E non vai ser grazas á prórroga de Aznar, señorías; vai ser principalmente grazas á decisión de Zapatero e de Pepe Blanco, na véspera das eleccións de 2011, de que as obras de ampliación de Santiago-Rande as pagasen os galegos, cando se prometera que non ía ser así. E é sobre todo grazas ás subas extraordinarias e acumulativas a ao esquema de bonificacións aprobado polo presidente Sánchez no ano 2021.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Iso é o que está no día de hoxe a gravar os petos dos galegos.

Remato como empecei, señorías do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista. Hoxe é 26 de febreiro de 2025. Poden empregar —e probablemente así o farán— a súa intervención para falar doutros tempos ou doutras autoestradas, pero o que os galegos esperan hoxe de vostedes é que exixan a mesma vontade política e a mesma dispoñibilidade orzamentaria que si existe para outros territorios no Goberno que vostedes apoian. Os galegos esperan hoxe que quen ten a responsabilidade de adoptalas as adopte, para que así a AP-9 sexa definitivamente cen por cento galega e cen por cento gratuíta. Non queremos ser máis, pero tampouco toleraremos ser menos que ninguén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Bo día de novo, señor Rodríguez.



En primeiro lugar, quero agradecer, señor Rodríguez, ao PP a presentación desta PNL ante o Pleno desta Cámara. Aproveita o PP todos os resortes que ofrece o Regulamento para expor as cuestións da AP-9. ¿Cantas veces o debateríamos? Por nós non hai problema, eu non tiro a toalla. E dicía do agradecemento, porque nos dá aos socialistas a opción de facer chegar ás galegas e aos galegos a nosa posición sobre a AP-9, sobre a súa historia e tamén sobre a posición que mantivo o PP e os seus notables dirixentes sobre a mesma que vostede quere esquecer. Pero, sobre todo, repetir debates, aínda que sexan con matices, está a resultar, señor Rodríguez, moi efectivo para que a sociedade galega coñeza por que estamos hoxe pagando peaxes. Comprobamos con satisfacción que cada vez que debatemos aquí, máis galegos e galegas se decatan da responsabilidade que ten o PP en que sigamos pagando peaxes cando deberíamos de haber concluído no 2023. Viñamos comprobando, dado os anos que pasaron e dada a intoxicación e a ocultación do PP, que había un descoñecemento na sociedade de que ocorreu. Insisto, por iso a oportunidade de volver explicalo é magnífica para os socialistas.

Non quere falar doutras datas; di que non cola. A autoestrada AP-9, señor Rodríguez, finalizaba a concesión en 2023 e José María Aznar, que foi presidente do Goberno de España polo PP, ampliou a concesión en 25 anos. (Aplausos.) É dicir, tomou a decisión de irnos ao 2048. Unha decisión para favorecer os intereses de empresas privadas, ás que engadiu aínda máis incentivo privatizando a concesión, señor Rodríguez. Negocio redondo.

Para os amnésicos do PP, que nesta Cámara parecen estar nesa situación os corenta parlamentarios exixidos, en Galicia no ano 2000 gobernaba o PP. Con esta decisión que prexudicaba de forma notable a Galicia, o Goberno do PP e o Partido Popular deberían opoñerse a esta ampliación de concesión que condenaba ata o 2048. ¿Alguén lembra que o Goberno da Xunta, o PP de Galicia, se opuxera a esta ampliación? Non hai, señor Rodríguez, unha soa declaración de dirixentes do PP opoñéndose á decisión de José María Aznar.

Hai uns días o ministro Puente contestaba a unha senadora do PP sobre este extremo. Estaba certamente agudo o ministro cando lamentaba que o PP non tivese, como vostede, dirixentes tan valentes e tan reivindicativos no ano 2000 como os que ten agora e soben aquí, porque de ser así farían un gran servizo a Galicia opoñéndose a Aznar. Moi valentes agora, señor Rodríguez; covardes e submisos politicamente naquel momento.

Pero non termina aquí a cruz do PP, porque outro presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, por sete anos, non fixo nada polo rescate da AP-9; nin por bonificacións, nin pola gratuidade da autoestrada. Durante o Goberno de Rajoy tamén gobernaba aquí o Partido Popular. (Aplausos.) Volvo preguntar: ¿alguén lembra as reivindicación do PP de Galicia de rescate, bonificacións e gratuidade sendo Mariano Rajoy presidente do Goberno? Absolutamente ninguén. Outros sete anos caladiños e submisos. Na vida da AP-9, quince anos do PP sen facer absolutamente nada.

Hoxe temos un Goberno de España que iniciou o camiño da gratuidade da AP-9 pola vía das bonificacións, cun custo económico certamente sobresaliente que asumiu e que vai cumprindo os seus compromisos, chegando hoxe ao 75 por cento de bonificacións. Non se preo- cupe pola AP-53, que terá novidades e pronto.





Os socialistas queremos todo, señor Rodríguez, en relación coa AP-9: queremos rescate, queremos transferencia, pero sobre todo queremos gratuidade. Queremos un día deixar de pagar e, se logo tarda a formalización da transferencia ou a articulación do rescate, danos o mesmo. Porque iso, a gratuidade, é o que queren os que pagan a diario as peaxes.

Comprobo que están moi atentos ao noso Congreso e ás nosas propostas. Confirma a nosa teoría de que somos a alternativa que os preocupa e os que os substituiremos no Goberno. (Risos.) Si, rían, rían, pero xa lles digo eu aquí que o noso obxectivo é deixar de pagar.

Falando de Pedro Sánchez, quero darlle as grazas a unha deputada do Partido Popular onte ao denominarme «soldado de Pedro Sánchez». Confesarei persoalmente que non me gusta falar do meu. Case nunca utilizo o «eu» ou case sempre me refiro ao «nós», pero encantomeme que se me defina como «soldado de Pedro Sánchez». Estou orgulloso do que fai, como herdeiro de Felipe González e de Zapatero. (Aplausos.) Orgulloso das súas políticas en materia de pensións e en materia... (O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) —tranquilo, señor Trenor— ...de salario mínimo interprofesional, de consecución de fondos europeos, de ser a economía que máis crece de Europa, de velo sentado na mesa dos líderes europeos e mundiais onde ninguén se imaxina a Feijóo. Orgulloso da herdanza dos socialistas, de traer a este país as melloras sociais da Lei de sanidade, de divorcio, de aborto, de dependencia, de matrimonio igualitario etcétera. (Aplausos.) Todas aquelas leis que o PP levou ao Tribunal Constitucional, aínda que non esperaron os seus dirixentes e afiliados á Sentenza do Tribunal Constitucional para abortar, para divorciarse, para casarse cunha persoa do seu mesmo sexo. Un exemplo, dirixentes do PP, da hipocrisía da dereita máis rancia. (Aplausos.) Soldado de Sánchez orgulloso, fronte aos corenta soldados submisos —como lle gusta dicir ao presidente Rueda— que representan vostedes cada día en contra dos intereses de Galicia, e a quitación da débeda é o mellor exemplo.

Vou facer outra confesión persoal, xa que estamos. Aceptei ser deputado nesta Cámara sen importarme cantos iamos ser, xa chegará o momento de ser 38 socialistas aquí. Aceptei aquí para combater discursos como o de onte, utilizando as vítimas do terrorismo. Ese discurso que rexeitan as propias vítimas, porque o PP nunca foi leal ante o terrorismo cando gobernaban os socialistas. Para iso quixen vir aquí. E serei soldado de Sánchez, criticando cando sexa necesario, defendendo a Galicia. E espero que, cando finalice esta lexislatura, Pedro Sánchez siga sendo presidente do Goberno, porque sería unha desgraza que fose presidente do Goberno alguén con amizades perigosas demostradas e condenadas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Ten que ir rematando.

**O señor LÓPEZ FONT:** Conclúo.

Presentamos a emenda, si, para que non se esquezan vostedes, dentro da hipocrisía, que o mesmo que piden para a AP-9 deben facelo tamén naquelas autoestradas que xestionan vostedes directamente.





¡Ata a próxima, señor Rodríguez! *(Risos.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):**

*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa quenda de intervención.

Dá paso entón ao voceiro do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidenta.

A verdade é que asistimos unha vez máis nun debate a un festival do cinismo máis absoluto das dúas forzas estatais aquí representadas. E é que, claro, señor Rodríguez, vostede non quere falar do pasado porque, claro, cando o pasado lle dá vergoña é moi fácil tirar para adiante e que ninguén o lembre. Porque un pobo sen memoria é un pobo que non só está condenado a repetir a súa historia, senón que aceptaría, que lle parecería normal, que vos-tesdes agora viñesen defender con golpes no peito o que sempre rexeitaron.

E nós, no nacionalismo galego, si que estamos orgullosos e orgullosas do noso pasado e do noso presente, o que nos fai ter un certo camiño cara ao futuro. Eu quero empezar por aí, xa que mentres o Partido Popular non quería falar do pasado e o Partido Socialista só quixo falar dunha parte do pasado que lle interesaba, eu creo que aquí cómpre facer unha boa radiografía do que foi e do que é e do que ten que ser este debate sobre a transferencia e a gratuidade da AP-9.

Podemos comezar como ben facía este titular: «As prórrogas da AP-9, unha historia de espolio desde 1977 que se estenderá a 2048». E para non querer falar do pasado —e eu si que o vou facer—, aínda onte nos lembraban aquí neste Parlamento o da «navallada á terra», e aí é onde quero empezar eu, precisamente. Xa nos anos setenta, no movemento nacionalista, daquela a ANPG —pero non só, senón un montón de xente, sobre todo o rural galego, que vía como as súas terras desaparecían por un proxecto totalmente colonial, totalmente espoliador, como era a AP-9, sen ser realmente unha opción e sen ter un modelo que vertebrase directamente o país—, aparece esta idea, esta palabra, esta frase forza da «navallada á terra». Eu creo que moitos dos que están aquí repiten esa cuestión da navallada á terra pensando que nos fai dano, sen saber sequera de que ía o asunto. E é que, desgraciadamente, ou en moitos casos de forma fatal, o nacionalismo galego tivo razón nos seus posicionamentos: tivo razón na entrada ao mercado económico europeo, tivo razón na OTAN, tivo razón en tantas e tantas cousas nas que despois o tempo nos deu a razón, e esta é unha máis. A «navallada á terra» non era outra cousa que unha infraestruturas que dividía o noso país en dous, que deixaba o desenvolvemento económico no litoral, no Eixo Atlántico, e que deixaba á cola —e por iso supoño que hoxe tamén o deputado de Democracia Ourensana non vén aquí falar, pero quizais se viñese diría o mesmo que estou dicindo eu— o interior do país, fundamentalmente as provincias de Lugo e de Ourense, moi mal conectadas e que quedasen atrás cun devalo demográfico, de investimentos, absolutamente de todo. Esa é a real navallada á terra.



No BNG loxicamente non nos opoñemos nin á industria nin ás infraestruturas. O gran problema é que vostedes a industria e as infraestruturas que traen aquí son desde un punto de vista totalmente do espolio colonial e que non veñen solucionar a vida dos galegos e das galegas. E isto ímolo demostrar agora dicindo, ademais, que non hai nada máis parecido a un partido político español de dereitas que un partido político español de esquerdas, cando menos nas cuestións que consideramos fundamentais: véxase na cuestión do financiamento, véxase na cuestión do espolio eólico enerxético, na cuestión de Altri e tamén na cuestión da AP-9.

Porque vostede non quere meterse no pasado, pero realmente temos que dicir que esta é unha historia onde o Partido Popular e o Partido Socialista camiñaron da man en toda a historia da AP-9. Mesmo con Ana Pastor dicindo que a transferencia da AP-9 era ilegal, directamente, cando prometía o seu traspaso despois en xullo do 2023; loxicamente, en campaña electoral, porque a vostedes só lles interesa Galiza en campaña electoral: «Ana Pastor promete o traspaso da AP-9 tras frealo como ministra e avalar o seu veto irregular como presidenta do Congreso». E dicía nesa mesma campaña electoral a señora Pastor: «Nosotros tenemos palabra, traspasaremos la AP-9 a Galicia». Si, claro, xa o vimos cando tiveron a oportunidade. E imos ver que dicía tamén o Partido Popular cando gobernaba Rajoy aquí e non lles quedou outra que votar a favor dunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para esta transferencia: «Galiza reclamará outra vez a AP-9, pero os partidos discrepan sobre a cuestión da peaxe». Vostedes estaban incluso dispostos —loxicamente, porque non tiñan forma de defender que non fose así— a traspasar a AP-9 no ano 2017, pero querían que seguisen as peaxes, porque as empresas ás que vostedes lles regalaban a AP-9 tiñan que seguir chupando do teto dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E por iso, para xustificar aquí un traspaso no que vostedes nunca confiaron, nin os uns nin os outros, dicían que: «traspaso, si, pero os cartiños a Audasa que non llos toquen, que xa nos custou bastante regalarlle todo o que lle regalamos». Outra vez no ano 2009 o señor Blanco negábase tamén en rotundo a esta transferencia da AP-9 e hoxe mesmo o propio señor Font acaba de dicir que o importante non é a transferencia, senón a gratuidade. Señor Font, é totalmente o contrario do que debería ser, porque nós entendemos que unha infraestrutura tan fundamental para vertebrar o noso país e unha vez está loxicamente construída tense necesariamente que xestionar dende aquí; ten que ser o pobo galego quen decida o que quere facer coa AP-9, señor Font, e non ten que ser o Goberno do Estado.

E, claro, o señor Rodríguez —e o Partido Popular, en xeral— segue con esta teima de «O BNG, apoio incondicional ao Goberno de Sánchez», dixo na súa primeira intervención. Señor Rodríguez, eu vou intentar ser meridicamente claro dicíndolle que ningún goberno español vai ser nunca o noso Goberno. Señor Rodríguez, porque dicía Castelao: «Non virá de fóra nin remedio nin esperanza». E tamén dicía Castelao —ese caricaturista ao que vostedes pretenden honrar deturpando a súa memoria, o seu legado, a súa historia e a súa traxectoria—, pero noutra cousa: «estamos fartos de ser unha colonia». ¡Que brillante era ese home na época que lle tocou vivir e que acertado estaba! Que adiantado ao seu tempo estaba, que hoxe diría exactamente o mesmo.

Señor Rodríguez, eu creo que con isto lle debe quedar máis ou menos clara cal é a posición do BNG. Porque tanto o Partido Popular como o Partido Socialista —dicía antes que o máis pa-



recido a un partido español de esquerdas e a un partido español de dereitas e viceversa— sempre, sempre, sempre se alían contra os intereses do pobo galego, contra a capacidade que teña o pobo galego de gobernarse a si mesmo, de ter ferramentas, de ter instrumentos propios para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

E, señor Font, nin soldado de Sánchez nin de Feijóo; nin eu soldado de Ana Pontón nin de quen queiran selo. ¡Soldados de Galiza, patriotas galegos! (*Aplausos.*) É iso o que vostedes non entenden. Goberne quen governe, campaña electoral tras campaña electoral, dá exactamente igual: soldados de Galiza, patriotas galegos ao servizo do pobo galego, governe quen governe, desde o ano 1977 ata o 2025 e seguiremos pelexando día tras día ata ter unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta e libre de peaxes.

Vostedes poden seguir facendo este festival da infamia, este festival do cinismo, e os galegos e as galegas seguirán tendo que aguantar que o Goberno español e que as súas liortas partidistas vaian por diante dos dereitos do noso pobo. E así nos vai: «Non virá de fóra nin remedio nin esperanza». E por iso tivo que ser o BNG, unha vez máis, quen lle torcese o brazo ao Goberno español para conseguir as bonificacións da AP-9. Por iso tivo que ser historicamente o nacionalismo dentro do Estado español quen fixera torcer o brazo dos gobernos españois que teñen un plan trazado para nós, onde nós perdemos e os seus amigos gañan. Estamos fartos de ser unha colonia, como dicía Castelao.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** ¡AP-9 gratuíta e galega xa! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, o señor Roberto Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Font, *ja sóc aquí*. Dígollo en catalán, que parece que o entende mellor que o galego, ¿verdade? Mire, para que houbera unha prórroga Aznar antes tivo que haber unha de Felipe González. ¿Sobre o de «Soldado de Sánchez»? Pois home, podería dicirlle *¡qué buen vasallo, si tuviera buen señor!* Pero nin iso. (*Aplausos.*)

Señor Font, pero si lle recoñezo unha cousa. Velo a vostede defender os principios e valores do PSOE resulta enternecedor. Mire, lémbreme vostede ao protagonista daquela película *La terminal*. Aquela na que Tom Hanks interpretaba un cidadán dun país imaxinario, Krakozhia, país que mentres este cidadán estaba voando, sufría un golpe de Estado polo que deixa de ser recoñecida como nación soberana. E por iso cando o protagonista aterriza en Nova Iork xa non existe o seu país e, como apátrida, vese obrigado a vivir no aeroporto. Si, non se ría porque está baseado no caso dun cidadán paquistaní que viviu oito anos atrapado no aeroporto Charles de Gaulle. ¡Igualíño ca vostedes, que levan oito anos vivindo atrapados nun PSOE que xa non existe, señorías! (*Aplausos.*) Vostedes son apátridas dunha esquerda moderada que desapareceu deste país. Viven na terminal do número 1 e o seu «S» xa non é de «so-



cialista», é de «sanchista». É unha mágoa, señor Font, porque somos moitos, incluído eu, os galegos que estrañamos un Partido Socialista centrado, constitucionalista, que defenda a igualdade e solidariedade entre os territorios; que antepoña o interese xeral e non ceda continuamente á chantaxe só para conservar a calquera prezo o sillón na Moncloa. Un Partido Socialista que aquí en Galicia aspire a concorrer a unhas eleccións como verdadeira alternativa de goberno e non como mamporrero do BNG, señor Font. *(Aplausos.)* Un Partido Socialista no que vostede, señor Font, teña que falar menos de Aznar e poida falar máis de Felipe González. Un PSdeG no que, cando haxa que escoller entre Sánchez e Galicia, escollan algunha vez Galicia. Menos soldado e máis galego, señor Font; menos soldado e máis galego. *(Aplausos.)*

Señor Ríos, tamén me gustou escoitalo a vostede. Unha cousa: tanto que queren, aprecian e respectan a Castela, non lle atribúan unha cita de Celso Emilio Ferreiro, señor Ríos. *(Murmurios.)* ¡Por favor! ¡Por favor! *(Aplausos.)* A ver, porque á parte de ler *Sempre en Galiza*, está ben tamén ler algunha cousa máis. Así é como se cura o nacionalismo.

Miren, tamén foi enternecedor escoitar onte aquí un deputado do BNG dicir que o BNG é un poliedro de sensibilidades. *(Murmurios.)* Segundo a xeometría clásica, un poliedro é un corpo cuxas caras son planas e encerran un volume finito. Mire, eu non sei se as caras do BNG serán planas, pero duras, duras si que son; ¡de dureza infinita, señor Ríos! *(Aplausos.)* ¿Como poden vir vostedes aquí falar de lexitimidade e credibilidade? Vostedes vendéronlles aos galegos o seu papel decisivo en Madrid para a transferencia e a gratuidade da AP-9. E nin o un nin o outro. O único que foron quen de rebaixar foron as súas reivindicacións e o único que segue a ser gratuíto é o seu apoio incondicional a Pedro Sánchez. ¡Tan bravos aquí, tan mansos alá! ¡Unha vergonza, señorías! *(Aplausos.)*

Miren, falon de todo —e remato xa, presidente— menos da discriminación que está a sufrir Galicia. Temos trescentos quilómetros de pago, tres veces menos dos que liberalizou Sánchez. Cataluña ten apenas cincuenta. Iso é o que pasa cando temos uns nacionalistas os galegos que o único que serven é para aplaudir as chantaxes que fan outros nacionalistas e que someten Galicia a esta aldraxe. E, para exemplo, a nova bóla que lles pretenden colar vostedes aos galegos. Pero, señorías, se fose certo —que non o é—, ¿como pode ser que apoien unha condonación que din que é boa para Galicia? Unha condonación de 17.000 millóns, 2.800 quilómetros de autovía é esa condonación. Eses 4.000 millóns que vostedes din que conseguiron para Galicia, que resulta que serían uns 658 quilómetros de autovía.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** ¿Pero como é posible que non conseguisen entón a liberalización dos 220 quilómetros da AP-9? ¿Pero quen os vai crer, señorías? ¿Quen os vai querer?

Remato. A pasada semana na Comisión 2ª o señor Ojea retou o señor Font a que todas as súas críticas sobre tempos pasados e non presentes na AP-9 as fixese en verso, porque era o único que lle faltaba. O señor Font, señor Ojea, non recolleu o seu reto; eu si recollo ese guante:

«Señor Ríos, señor Font, non admitan máis patrañas



nin de Sánchez novas aldraxes,

cumpran o prometido en campaña:

unha AP-9 galega e libre de peaxes».

Non vaia ser que o problema fose a prosa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Noelia Pérez, aínda que, quen a levou foi a señora Arias.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 34.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández.

¿Parece ser que aí se pediu unha votación por separado? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pediu-se.

¿Por? Por apartados. ¿Acéptalla? Si. Entón, ¿que apartados quere separar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 1 e 3. Ou sexa, quere votar o 1 e o 3 separados dos outros.

Votamos entón, en primeiro lugar, os puntos 1 e 3.

Votamos.



*Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.*

*Votamos.*

*Votación do restantes puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados os restantes puntos desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Elena Espinosa. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.*

*Hai aquí unha transacción pendente, non sei se a houbo. Teño aquí anotado se hai unha transacción pendente. ¿Elena, aquí nesta?*





*(Varios membros da Mesa pronuncian palabras que non se perciben.)*

Votamos tal e como está.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.*

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que trataba de modificar o punto 2 no sentido de... —propuxo vostede incluso esa transacción— ...en vez de tal pór «non se vai apoiar». Entendínlle iso. Si.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Correcto. Esa é unha transacción co Grupo Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A emenda non... Non se acepta a emenda e vostede propón esa transacción a todos os grupos. *(Murmurios.)* Claro, a todos os grupos, ¿non?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos ver. Ela a transacción tomaraa como referencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos ver... Un momento, isto é máis fácil de entender se deixamos que fale ela e que despois fale eu. Vostede explique. Eu entendínlle desde a tribuna que vostede a emenda do PSOE parece que non a ía aceptar, pero que vostede propuña unha transacción. Esa transacción será dirixida ao conxunto da Cámara.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Esa transacción propúxo a desde a tribuna...

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero se a emenda é do PSOE dixo que... Eu entendínlle que dixo que non a aceptaba.



*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero estouno dicindo. ¿Propón unha transacción só co PSOE?

*(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vale, perfecto, perfecto, pero tamén podería propoñer unha transacción para o conxunto da Cámara. *(Murmurios.)* Iso é o que había que aclarar, que ao mellor tiña que falar ela con vostedes. Unha transacción pode ser coa emenda do PSOE, neste caso só para o PSOE, pero pódese desde a tribuna facer unha transacción para o conxunto da Cámara. Isto é de primeiro de Regulamento. *(Murmurios.)* Ben, ¡oh!, por favor. As transaccións son...

Ben, ¿entón a transacción é co PSOE? Perfecto. ¿Acepta vostede esa transacción?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, perdón.

*(Unha señora deputada: Claro, entendo que a transacción é sobre o texto orixinal da iniciativa, do punto 2, sen o contido da nosa emenda de modificación. É diferente, claro.)*

Entón, ¿como queda a cousa ao final? *(Murmurios.)* ¿Señora Carreira, como queda a cousa logo?

*(A señora Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Non acepta a emenda?

*(A señora Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Nós propuxemos unha iniciativa de tres puntos. Sobre o punto segundo o Partido Socialista formulou unha emenda.

**O señor PRESIDENTE:** Si.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Apoiándonos nesa emenda, nós formulamos unha transacción que modifica o noso punto 2. No lugar de «non autorizar», que poña «non apoiar».

**O señor PRESIDENTE:** Si.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Se utilizamos a emenda do Grupo Socialista para formular a transacción, enténdese que non aceptamos a emenda do Grupo Socialista e que o que aceptamos é modificar o punto 2, se o Grupo Socialista está de acordo coa transacción.

**O señor PRESIDENTE:** Correcto.



**A señora CARREIRA PAZOS:** Ese é o punto que quedaba por esclarecer.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Están de acordo coa transacción? ¿Non? (*Murmurios.*)

¡Ah!, vale. ¡Entón, empezáramos! (*Murmurios.*) Son razoamentos, en fin... Ben, a esta hora é normal que os razoamentos tamén se nos escapen.

Entón, votamos. En definitiva, imos votar tal como estaba. Demos moitas voltas para votar tal como estaba. Vale, perfecto. As cousas son complexas ás veces.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 10.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Roberto Rodríguez.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non foi aceptada.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Agora paso a lerlles unha declaración sobre as enfermidades raras.

«O 28 de febreiro celébrase o Día Mundial das Enfermidades Raras, que celebraremos baixo o lema «Persoas», para posicionar o impacto sociosanitario destas patoloxías nas persoas con



enfermidades raras. Calcúlase que falamos de 300 millóns de persoas en todo o mundo, das cales hai 3 millóns en España e 200.000 persoas en Galicia. É unha acción liderada no noso país baixo o paraugas da Federación Española de Enfermidades Raras e en Galicia pola Federación Galega de Enfermidades Raras e polas máis de catrocentas cincuenta asociacións que a integran.

Queremos que lembredes que detrás de cada campaña, de cada necesidade, de cada enfermidade, de cada síntoma e de cada perda hai persoas e familias que se enfrontan a enfermidades, nas que sucede:

Apenas se investigan e hai moi pouco coñecemento e experiencia en atendela, non só para os que as padecen, senón tamén para os profesionais que se enfrontan a unha nova enfermidade.

Na súa maioría aparecen na infancia; son xenéticas, graves, discapacitantes e poden poñer en risco a vida.

Tárdase unha media de máis de seis anos en diagnosticalas e tan só un seis por cento conta cun tratamento específico, das 6.417 identificadas en Europa.

O atraso no diagnóstico e a falta de tratamento teñen un grande impacto en quen convive con elas.

Son tres eixos imprescindibles nos que centrarnos para mellorar este escenario: investigación, diagnóstico e tratamento. Optimizar os recursos destinados á súa investigación, evitando duplicidades, propiciando a súa sustentabilidade e facilitando a transferencia do coñecemento e a información epidemiolóxica e tamén equidade no acceso a un diagnóstico e tratamento precoz certo e seguro. E é difícil alcanzar a equidade cando a propia regulación permite a inequidade. Lograr o acceso no tempo e na forma adecuados aos medicamentos autorizados en Europa, incorporando a participación dos pacientes e das entidades que os representan neste proceso parece un logro a conseguir.

Todo iso debe ir acompañado dunha atención integral e dun tratamento sostibles —xa que son enfermidades crónicas—, incluída a rehabilitación funcional, a logopedia, a fisioterapia, a terapia ocupacional etcétera. A interoperabilidade técnica, por exemplo a nivel da historia clínica, así como construír o ansiado espazo sociosanitario cunha coordinación eficaz entre ambos os ámbitos de actuación, o que garantiría un acceso máis eficaz en tempo e forma aos dereitos das persoas con enfermidades raras.

O Parlamento de Galicia, sumándose á demanda formulada polas federacións galega e española de enfermidades raras, insta as institucións competentes para impulsar medidas dirixidas a garantir a prevención das enfermidades raras en materia de investigación, de diagnóstico e de tratamento. Porque cómpre non esquecer nunca que detrás de cada unha destas accións hai persoas.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro do 2025.») (Apróbase por unanimidade.) (Aplausos.)

Grazas.



**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día, interpelacións.

**Interpelación do G. P. Mixto, por iniciativa de D. Armando Ojea Bouzo, sobre a transferencia da titularidade á Administración local das vías autonómicas que xa forman parte do tecido urbano de moitas cidades, nomeadamente no caso de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, presidente.

Bos días.

Por contextualizar un pouco o que xa se di na exposición de motivos, todos sabemos que as vías autonómicas foron concibidas como vías interurbanas para conectar cidades, pero o feito de que moitas cidades e vilas medrasen nas últimas décadas provocou que esas vías que en principio eran interurbanas pasasen a ser intraurbanas, ou sexa, que se integrasen na propia cidade e pasasen a formar parte do contorno puramente urbano. Iso leva a unha serie de problemas que estou seguro de que a meirande parte de vostedes coñece, porque a meirande parte de vostedes teñen responsabilidades ou tiveron responsabilidades directas na Administración municipal ou coñecen, polo motivo que sexa, seguramente esa problemática.

Hai varios motivos polos cales sería interesante que moitas desas estradas —que xa son rúas na práctica— pasasen a ser de titularidade dos municipios. Entre eles, primeiro, que cando se detecta algunha avaría, algunha baldosa rota, algunha cañería que rebenta..., os cidadáns diríxense xa en primeiro lugar ao Concello porque presupoñen, por defecto, que a titularidade sempre é do Concello. Moitas veces o Concello arranxaríaas con moita máis axilidade do que sucede na práctica cando hai que avisar a Administración autonómica. Logo hai unha razón moi importante, á parte, que é que moitas veces as variacións na xestión do tráfico xestionaríanse moito máis rapidamente desde o Concello que desde a Autonomía, porque se coñece no día a día os cambios que poidan haber, en necesitarse praza de aparcadoiro, en instalación de elementos de mobilidade como bicicletas eléctricas; e moitas veces incluso cando se proxectan eventos, tipo a cabalgata de reis, ou determinados eventos deportivos que tamén o Concello estaría moito máis preparado para facelo.

Iso vese na práctica, porque na práctica os concellos... Eu falo concretamente de Ourense na interpelación pero estou seguro de que esta problemática é compartida por moitos outros. Entón, o que imos pedir á Xunta de Galicia é que se faga un estudo de cales poderían ser as rúas —que son estradas realmente de titularidade autonómica na cidade de Ourense—, tendo en conta todos estes factores aos que me levo referido, onde podería acabar sendo pertinente que se traspasara a titularidade ao Concello. Xa se leva feito nalgunhas rúas e con resultados ás veces mellores ca outros. Quero dicir que o procedemento é coñecido, está estipulado e é unha cousa que se pode facer facilmente habendo vontade por parte das dúas administracións.

En concreto, tal e como foi rexistrada a interpelación, o que facemos é preguntar se ten previsto a Xunta de Galicia realizar un estudo exhaustivo das vías de titularidade autonómica



que actualmente forman parte da trama urbana de Ourense, para avaliar a súa posible cesión ao Concello. Xa digo que sería un estudo, porque non todas as rúas precisarían, ao mellor, no mesmo grao ou coa mesma urxencia ese cambio de titularidade.

A segunda cuestión que se plantexa na interpelación é que, se fose así, que criterios se seguirían para determinar cales destas vías serían susceptibles de ser cedidas á Administración municipal. Que plans existen polo acondicionamento e mellora destas vías antes da súa posible cesión, garantindo así que o Concello de Ourense as reciba en óptimas condicións. Desde logo, esta cesión, chegado o caso, tería que ter lugar de xeito que as vías se entregasen nas condicións óptimas exixidas polo *statu quo* da vía —ou sexa, saneamento, asfalto e mobiliario urbano en perfecto estado— para ser, chegado o caso, transferidos ao Concello. E desde logo, non fai falta dicilo, sempre que falaba de transferencias iso debería ir acompañado dun incremento do financiamento do Concello para poder facerse cargo desas novas competencias. Pero iso xa entra dentro deste debate máis xenérico acerca do financiamento dos concellos, do que onte aínda tivo lugar un debate.

E, como dicía antes, exíxese e é necesario un cronograma, porque estas posibles transferencias das que estamos falando non todas teñen a mesma urxencia ou a mesma necesidade. Entón, unha vez analizadas estas posibilidades, que entendo que redundaría na mellora tanto dos cidadáns, polos motivos que dixen, como que incluso, por operatividade, redundaría nun beneficio para ambas as administracións, seguramente.

Entón, tamén preguntamos que calendario aconsellaría a Xunta de Galicia para realizar estas actuacións e formular as correspondentes transferencias. Eu teño aquí unha documentación elaborada polo Concello de Ourense acerca do estado de moitas das vías autonómicas que atravesan a cidade, cunha especie de informes emitidos tamén polos servizos do Concello. A min gustaríame facer chegar esta documentación ao Goberno. Non sei se o procedemento é que llo entregue ao presidente para facérllelo chegar tanto ao Goberno como o resto dos grupos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente. Aí van máis cousas que poden colaborar á solución axeitada desta problemática que se plantexa. E sóbrame tempo, pero a verdade é que eu penso que a cuestión está suficientemente ben plantexada. Agardo pola resposta que nos dea o Goberno

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

**A señora MARTÍNEZ ALLEGUE:** Grazas, señor presidente.





Señor Ojea, efectivamente, tal e como vostede recolle na súa exposición a evolución natural das cidades ten como consecuencia que moitas vías de titularidade autonómica que as vertebran acaban integrándose no tecido urbano, de tal xeito que finalmente funcionan máis como vías urbanas que propiamente como vías interurbanas. Dende a Xunta de Galicia, de feito, temos cedido en moitas ocasións a titularidade deste tipo de vías aos concellos co obxectivo, como ben di, de facer unha xestión máis eficiente que vaia encamiñada a mellorar a conservación e mantemento destas vías, máis tendo en conta que normalmente nelas é onde descorren nos servizos municipais, como o abastecemento, saneamento, instalacións de luz, de gas, de auga...

A xestión por parte dunha única administración pública facilita enormemente a execución de actuacións evitando atrasos, evitando posibles hipotéticas reparacións e a duplicidade de actuacións. Por iso, tal e como veño defendendo sempre nesta Cámara, consideramos fundamental a cooperación entre as administracións, sempre e cando pensando, coma sempre, no beneficio da nosa cidadanía.

Cesión de titularidade das estradas que vimos facendo en moitos concellos e sempre en condicións pactadas entre ambas as administracións, a Administración local e a Administración da Xunta de Galicia, en beneficio mutuo. Exemplos témolos a moreas, pero voume referir a algúns na mesma cidade de Ourense. Por exemplo, o caso da avenida Otero Pedrayo, na que se fixo un investimento de preto de dous millóns de euros no 2019 que permitiu mellorar a súa integración urbana, humanizala, mellorar a seguridade viaria coa execución de dúas glorietas, instalación de semáforos, reparación de beirarrúas, mellora da accesibilidade cunha rampla de acceso á piscina da Universidade, construción dun treito de senda, nova iluminación; que melloraron de xeito moi notable esta estrada que dá acceso a unha parte importante do Campus universitario e, tal e como estaba previsto, rematadas as obras transferiuse a titularidade ao Concello no mesmo mes de setembro dese ano.

Outro caso é a rúa Marcelo Macías, na que a Xunta investiu 1,7 millóns de euros en obras de acondicionamento, de mellora de firme, de beirarrúas e de mellora da seguridade viaria. Actuacións nas que tamén se renovaron as redes de abastecemento e de saneamento, e as de alumado, antes de ser transferidas ao Concello en xaneiro de 2023.

Algún exemplo máis é a rúa Concordia, que transferimos para que o Concello actúase sobre ela, tal como se acordou no ano 2019 —data en que fixemos o cambio de titularidade a favor do Concello—, no tramo da avenida de Bos Aires, entre Santiago Domingo e Ramón Cabanillas. Cedemos a titularidade para que o Concello de Ourense fixese o seu proxecto. Ou as obras que temos actualmente en execución, no concello de Ourense, que suman preto de catro quilómetros do grande eixo de mobilidade sostible que se está a conformar entre a estación intermodal e Expourense, a través da avenida das Caldas e do paseo do Barbaña. Son obras comprometidas, por suposto, pola nosa parte, e que están en marcha cuns investimentos que superan os cinco millóns de euros, e que transferiremos ao Concello de Ourense ao remate das obras.

Isto súmase, ademais, ás actuacións executadas nas estradas autonómicas do concello de Ourense, entre as que destaco, por exemplo, a posta en valor da ponte vella de Ourense e da



súa contorna ou as dúas fases de mellora da seguridade viaria na estrada 105, no Seixalbo. E tamén quero destacar especialmente os máis de cinco quilómetros de sendas en estradas autonómicas do concello de Ourense, como Ponte Sevilla, a avenida de Ponferrada, da Rabaza, Montealegre, Val do Regueiro..., que ascenden, coa suma total —contando as que se levan a cabo na comarca de Ourense—, a trece quilómetros, con máis de seis millóns de euros de investimento.

Ademais, quero aproveitar a interpelación para facerlle saber e lembrarlle que redactamos xa, e está, de feito, en supervisión de proxecto, o proxecto de conservación extraordinaria da estrada OU-413 e doutras rúas do núcleo urbano de Ourense, cuxo obxecto é precisamente seguir actuando na rehabilitación do firme das travesías autonómicas do concello de Ourense, con especial intensidade nesta estrada 413, que se corresponde coa subida ao seminario, para, a continuación, por suposto, ceder a súa titularidade ao Concello. Este proxecto conta cun orzamento de 2,6 millóns de euros e confiamos en que o poidamos licitar neste mesmo ano 2025. Estanse a analizar as actuacións de melloras nas rúas que, actualmente, son de titularidade autonómica, como: a rúa río Arnoia, do Progreso, Emilio Pardo Bazán, parte da rúa Velázquez, do bispo Lourenzo, da Coruña, Pena Trevinca, Seminario, Sainz Díaz, Seixalbo, de Bos Aires, Isaac Piñeiro Varela, Pena do Vado, de Ponferrada, avenida da Granxa e a avenida de Zamora. Delas —como dixen—, con especial intensidade, actuaremos na 413, a rúa de subida cara ao seminario. En todas elas definiranse as actuacións que os técnicos consideren preciso levar adiante en materia de conservación, tanto en beirarrúas como en firmes de calzadas, que poden ser, por suposto, complementadas con obras de drenaxe, de sinalización, ou de balizamento. O obxectivo que conseguiremos é seguir a mellorar a seguridade viaria na circulación.

Ademais, señoría, esta non é unha actuación illada. Tal como veño expoñendo, este Goberno está comprometido, por suposto, co concello de Ourense, porque, ademais de todas as actuacións que relatei de mellora de treitos urbanos das estradas, da mellora da seguridade viaria das sendas peonís e de ciclistas, nos últimos anos tamén executamos obras específicas de conservación moi recentes na rúa do Progreso ou na avenida de Zamora, o pasado ano 2024, e tamén no ano 2023 na avenida da Granxa.

E seguimos mirando cara adiante, con novas actuacións moi ambiciosas na cidade de Ourense. Señoría, esta consellería destina para o Concello de Ourense, neste ano 2025, unha partida de 41,38 millóns de euros, na cal se inclúen partidas destinadas tanto a vivenda como a infraestruturas, en actuacións previstas, por exemplo, como na nova vía de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario, pola nacional 525; no último treito da circunvalación leste de Ourense, que se executará neste ano 2025; ou na execución de sendas como a de Reza. Neste caso concreto das sendas, destinaremos máis dun millón de euros. (*Aplausos.*) Todas elas, por suposto, son actuacións demandadas e consensuadas.

O que non é lóxico, señoría, é acudir á discriminación positiva para que sexa a Xunta a que execute actuacións de maior envergadura que deben encadrarse en desenvolvementos urbanísticos, como, por exemplo, o soterramento do tráfico da avenida Otero Pedrayo ou da praza Concepción Arenal, que son proxectos para os cales, primeiro, deberá acreditarse a



súa viabilidade antes de poder abordar, por suposto, posibles vías de colaboración para o seu financiamento.

En resumo, señoría, na actualidade a Xunta de Galicia ten rúas e avenidas de titularidade autonómica na cidade de Ourense, das cales se ocupa no que atinxe ao mantemento e á conservación, pero que supoñen un maior esforzo que outras vías de titularidade autonómica, debido ao seu carácter urbano e á súa alta intensidade de tráfico. Algunhas precisan obras de conservación, tanto de beirarrúas como de firme, e que —como dixeron— poden ser complementadas con obras de drenaxe, de sinalización ou de balizamento, o que permitirán, en todo caso, a seguridade viaria na circulación.

Ben dixon que se trata dun obxectivo compartido, no cal estamos a cumprir e a avanzar dende o diálogo e dende o acordo co Concello. Un obxectivo que estamos a reforzar, na medida en que, unha vez que as obras vaian quedando rematadas, formalizaremos a correspondente solicitude de transferencia ao Concello. Un traballo, ademais, que reforzamos con proxectos de maior alcance que están a mellorar a mobilidade sostible da cidade e que se complementan con actuacións puntuais en travesías urbanas, como na rúa do Progreso ou na avenida de Zamora.

Agardo ter resolto as súas dúbidas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Sáudos de novo.

Vou falar dalgúns casos concretos que nomeou. En canto á rúa Otero Pedrayo, solicitamos —como todos saben— que se soterrase e dixon que primeiro tiña que haber un estudo de viabilidade. Pero se xa había un proxecto feito na época de Cuíña para o soterramento. Seguiremos insistindo na necesidade do soterramento de Otero Pedrayo porque liberaríamos unha gran cantidade de espazo para humanizar, uniríanse as dúas partes do Campus de Ourense e teríamos un espazo estupendo, incluso para organizar posibles eventos porque, se se soterrase esa zona, na súa superficie poderíanse realizar eventos festivos e de todo tipo. Xa lle adianto que seguiremos insistindo na necesidade do soterramento de Otero Pedrayo.

Falounos das obras de Marcelo Macías. Esas obras —xa sabe— tamén tiveron a súa problemática; non quedaron ben, e houbo moitas protestas veciñais. Agora xa se arranxaron, mesmo despois dunha serie de enfrontamentos dialécticos en plena campaña electoral etcétera, etcétera. Hai outro aspecto moi importante, que se puxo de manifesto no arranxo de Marcelo Macías, e que é a rapidez con que se deben facer as obras, porque esas obras, concretamente —por falar do caso concreto de Marcelo Macías—, alongáronse —eu entendo—



de xeito totalmente inxustificado no tempo; duraron tanto tempo que causaron verdadeiros problemas, non xa só de tráfico, porque quedou unha estrada de entrada á cidade inhabilitada durante moitos meses, senón tamén os propios problemas que houbo para os comercios da cidade, para os veciños etcétera. Entón, eu aproveitaría para instala —aínda que non o dixen na primeira intervención, pero dáse por suposto— a que as obras sexan o máis rápidas posible para causar os mínimos problemas.

É fundamental a colaboración entre o Concello e a Xunta, sobre todo, porque o Concello escoita moito máis os veciños. Vostede falou de situacións como, por exemplo, da senda de Reza ou da senda das Caldas, que, ao mellor, se fosen xa de titularidade municipal, as accións que faría o Concello, de mutuo acordo cos veciños, serían outras. A Xunta de Galicia é unha administración máis alonxada, e, moitas veces, fai sendas onde a xente non as usa na práctica, e deixa de facelas onde si que as usa etcétera, etcétera. É fundamental falar cos veciños.

Falou das obras da avenida da Granxa que —sabe— tamén tiveron unha gran contestación veciñal; víñannos protestar aos concellos porque fixeron unhas aceras dun xeito que aos veciños non lles gustaba. Non vou dicir agora que tivesen a razón, pero, polo menos, terían que escoitalos. O máximo que nós podíamos dicir desde o Concello era que esa é unha estrada da Xunta de Galicia, e que se non lles gustaba como estaban facendo as aceras, a quen terían que preguntar era á Xunta.

¡Bueno! Está moi ben que sigan traballando neses accesos ao hospital e nesas circunvalacións. Para a praza de Concepción Arenal existe xa un proxecto feito por unha serie de profesionais con experiencia e que ten o visto e prace técnico, así que sería só cuestión de vontade política apoiala economicamente na Xunta para que se puidese facer.

Eu penso que no esencial deberíamos estar de acordo. O diagnóstico que facemos do problema, que resulta do crecemento da cidade, coincide. A necesidade cada vez maior de que o Concello responda practicamente en tempo real ás novas demandas dos veciños de mobilidade e de xestión urbanística, pola propia dinámica da sociedade que, cada vez, exige máis inmediatez e esta soamente se consegue se se traballa desde as competencias dunha administración cercana ao cidadán.

E, desde logo, quero repetir que a entrega das correspondentes vías se faga no mellor estado posible para non suceda como sucedeu, por exemplo, coa rúa Marcelo Macías —que non vou repetir—; xa é suficientemente coñecido polos medios de comunicación os problemas que causou, tanto de calidade da obra como do atraso na terminación desta.

Efectivamente, nomeou a rúa Concordia, que é un exemplo do que se pode facer. Grazas a ese cambio de titularidade, puidemos facer as xa famosas rampas mecánicas da rúa, que son —segundo nos din os profesionais que levan o mantemento do seu uso—, desde o punto de vista estatístico, das máis usadas diariamente de toda España; aí tivemos un acerto que redundou na calidade de vida, non soamente dos veciños inmediatos á rúa, senón de toda a cidade, porque están nun lugar moi céntrico.

E nada máis.



Espero tamén que me aclare, na segunda intervención, algunha cuestión máis das cales lle plantexei.

Nada máis e grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Antes de dar o turno de peche, permítanme que saúde os alumnos de sexto de primaria do centro plurilingüe Froebel de Pontevedra, e que tamén saúde os seus profesores, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, para pechar a interpelación ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Se me permite, presidente, quero saudar os alumnos de Froebel, que está no concello da miña cidade. Bo día.

Señor deputado —como ben sabe—, polo concello de Ourense, efectivamente transcorren máis de corenta quilómetros de estradas autonómicas; delas, preto de trinta quilómetros son perfectamente transferibles ao Concello, e, destas, máis da metade son rúas ou avenidas totalmente integradas na trama urbana. Un exemplo máis evidente é a rúa do Progreso, verdadeiro eixo do concello de Ourense, ou a propia Ponte Vella. E contan coa total vontade de colaboración da Xunta de Galicia para que estas transferencias sexan posibles.

Tal como trasladei, no Goberno galego entendemos que cando este tipo de vías perde a súa condición de vertebrador interterritorial e pasa a ser unha vía urbana, o lóxico e o coherente é que sexan os concellos os que asuman a súa titularidade, co obxectivo de poder actuar sobre elas ou de dar resposta ás diferentes necesidades que se presenten, como é a colocación de mobiliario urbano, a xestión de aparcadoiros ou o outorgamento de vaos. Para a Xunta de Galicia non son vías que teñan unha funcionalidade, dende o punto de vista da mobilidade interurbana, e, polo tanto, non ten sentido ningún que sexa a Axencia Galega de Infraestruturas a que actúe sobre elas, como tampouco é operativo que se aplique a Normativa de estradas autonómicas que non permite dar a resposta que precisan esas rúas, que son eminentemente urbanas.

Por iso no ano 2008, a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense asinaron un convenio que incluía unha serie de actuacións para executar en diferentes rúas de Ourense que, tras o remate das obras, revertería no Concello, o cal asumiría o seu mantemento no futuro. Neste marco de acordo, incluíanse actuacións por un importe de 8 millóns de euros, que, na medida en que as obras foron quedando rematadas, a partir do ano 2011, foi remitida ao Concello de Ourense a correspondente documentación para a transferencia da súa titularidade. Cal non sería a nosa sorpresa cando, de dez destas obras, só se transferiu a titularidade de catro: da rúa Ervedelo, entre a rúa Progreso e a nacional 525 —excepto a ponte sobre o río Barbaña—, a rúa Adrio Menéndez, a rúa Rei Soto, a rúa Vicente Risco e a rúa Celso Emilio Ferreiro.





En 2018, tentamos superar a situación anterior asinando un novo convenio entre o Concello e a Xunta para executar diferentes actuacións polo importe de 9,7 millóns de euros, coa previsión de cambios de titularidade de varios tramos urbanos tras a execución das obras de mellora. No marco deste acordo prevíanse as seguintes actuacións: a avenida Otero Pedrayo; a primeira e a segunda fase da rúa Seixalbo; a rúa Concordia; a segunda fase da Ponte Vella; a rúa Marcelo Macías; a rúa do Progreso; as sendas —que antes comentaba— da rúa Ponte Sevilla, da rúa da Rabaza, da rúa de Ponferrada, de Montealegre, de Val do Regueiro, a senda de Reza, o río Arnoia e a avenida da Caldas.

A Xunta de Galicia cumpriu a súa parte do compromiso, quedando tan só pendente a senda de Reza, para a cal xa chegamos a un acordo cos veciños, e a rúa do Progreso, sobre a cal, cando todo o mundo fala dela pide un imposible no espazo que hai: que se manteña o duplo sentido de circulación; que se habilite un carril bici; que se priorice o transporte público e o taxi; que se amplíen as beirarrúas e que se faga arborizado; e, por certo, pedindo modificar, ademais, a configuración deseñada polo Partido Socialista.

As actuacións do protocolo levaron a un cambio da titularidade, en favor do Concello, da rúa Otero Pedrayo, da rúa Marcelo Macías e da rúa Concordia. Nos vindeiros meses confiamos en materializar o traspaso da avenida das Caldas; e por iso, señor Ojea, pola nosa parte mostramos máxima cooperación e máximo entendemento, algo que tamén lles demandamos a vostedes: lealdade institucional e tamén propostas prácticas e realistas sobre como actuar neste viario para que sexa asumido polo Concello.

Este Goberno cumpre, por suposto; cumpre con Ourense e coas actuacións comprometidas. E agardamos reciprocidade —que confío en que así sexa— do seu alcalde en beneficio sempre dos veciños, asumindo, por exemplo, a conservación das marquesiñas, situadas nas vías urbanas da cidade, ou o treito da estrada 413 que dá acceso ao seminario, unha vez estean rematadas as obras; e tamén outras rúas, en que se vai rehabilitar o firme, ou as beirarrúas que o precisen. Porque, unha vez realizados os investimentos, o lóxico é ofrecer aos cidadáns unha xestión de proximidade e que non se aplique a este viario urbano a Normativa de estradas autonómicas.

A obra da avenida das Caldas forma parte do noso gran proxecto de implantación dun itinerario peonil e ciclista continuo, que vertebre a cidade de Ourense de norte a sur, dende a estación intermodal ata Expourense, coa vontade firme de transformar a mobilidade urbana de Ourense. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Unha das súas partes percorre a avenida das Caldas, que se remodelou integramente contando en todo momento co Concello, cun proxecto que nos permitiu resolver eivas históricas: conectamos de modo directo as sendas do río Barbaña e do Barbañica; resolvemos a problemática da beirarrúa clausurada no inicio da Ponte Vella; ademais, reducimos o espazo do coche, aumentando o do peón e habilitando un carril exclusivo para bicicletas e para vehículos de mobilidade persoal.

A reordenación desta avenida permitiu conectar a cidade coa alta velocidade ferroviaria, dándolle continuidade entre Os Remedios e Expourense e conformando un paseo continuo no Barbaña, ao cal lle faltaba un importante treito intermedio. Vostedes, no Concello, saben perfectamente da complexidade na xestión dun proxecto desta envergadura, e saben que os





traballos na trama urbana son sempre máis complicados, polo que, só lles pido cooperación, colaboración e que recoñezan o traballo que estamos a levar adiante con actuacións profundamente transformadoras, como as que estamos a levar no concello de Ourense.

Agardamos —e sei que si— que o Concello estea á altura. (*Aplausos.*)

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, é dicir, preguntas ao Goberno.

Cómpre comunicarlles que hai dous aprazamentos, en concreto, a pregunta 7.3; e hoxe, á mañá, aprazouse tamén a pregunta 7.9, de dona Ariadna Fernández.

### **Pregunta de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda**

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

¡Como pasa o tempo! Parece que foi onte a súa primeira comparecencia, e xa estamos en tempo de ver a xestión que vostede desenvolve.

A partida 415B do orzamento ten unha denominación moi concreta —denominación diana, diría eu—, é dicir, «Acceso á vivenda». Entendo que cobre todas aquelas actuacións que permitan a regulación do acceso á vivenda, pero dunha forma real. Esta partida debe permitir políticas inmediatas para solucionar o principal problema, xa por diante da sanidade, que preocupa hoxe aos galegos e á galegas.

Unha vez coñecidos os datos oficiais, que vostedes mesmos publicaron, comprobamos que o grao de execución da partida foi dun 10,3 por cento no terceiro trimestre do ano 2024; un 10,3 por cento, conselleira, é un dato moi negativo nunha política prioritaria para a sociedade galega. Imaxino que estará vostede moi preocupada con este dato porque evidencia o absoluto fracaso das políticas de vivenda deste Goberno nada máis arrancar o seu mandato.

Lamentablemente, isto non é novo. Os gobernos anteriores do PP deixaron sen executar 270 millóns en políticas de materia en vivenda dende o ano 2009. Preguntámonos: ¿que se puido facer con eses 270 millóns de euros que vostedes deixaron de gastar? Preguntámoslle a vostede —que sabe moito disto—: ¿cantas vivendas de protección pública estarían construídas?; ¿cantas humanizacións de rúas?; ¿cantas subvencións ao alugueiro? Moitas, miles, conselleira.

Vostede tomou posesión o 15 de abril, e ata o 30 de setembro —o período que reflicte este dato de execución—, o dato non puido ser máis negativo. E por iso preguntámoslle pola súa



xestión directa e pola valoración desta: ¿está vostede satisfeita con estes resultados? ¿Este nivel de execución trimestral vai ser a tónica xeral durante o seu goberno? ¿Que pensa facer para revertir esta desastrosa situación?

Como pregunta-resumo: ¿que valoración fai da execución do programa 451B no terceiro trimestre de 2024, que está, nin máis nin menos, en só o 10,3 por cento?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, señor presidente.

Señor Font, a súa teima cos números é especialmente chamativa: a semana pasada non lle daba a suma das vivendas e confundía a construción de vivenda pública co desenvolvemento do solo que estamos a levar para levar a cabo vivenda pública.

Son xa numerosas as ocasións en que temos acudido a esta Cámara para explicar a execución orzamentaria do Instituto Galego da Vivenda e Solo; e, por suposto, seguiremolo a facer tanto na Cámara como no Pleno e nas comisións, ás cales ten acudido, en reiteradas ocasións, o secretario xeral da Vivenda e Urbanismo, don Heriberto García Porto.

As contas cadran.; o que pasa é que vostedes se empeñan en terxiversalas para que encaixen nos seus mantras.

Vou comezar, efectivamente, polo Informe de contas do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que anualmente se remite ao Parlamento e que está á disposición de calquera cidadán na páxina web da Xunta de Galicia. Neste informe recóllense os diferentes tipos de gastos que ten o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o seu nivel de execución: os fondos FCA da Comunidade Autónoma, de execución anual, que se corresponden no seu cómputo coa fase «OK», é dicir, no momento do pago; as transferencias finalistas do Estado que, como teñen carácter plurianual, se computan en fase «D», é dicir, no momento da súa concesión; e os fondos europeos que, como tamén son de execución anual, se computan en fase «D», é dicir, no momento da súa concesión; polo tanto, fase «OK» para os fondos propios da Xunta de Galicia co seu pago, fase «D» coa súa concesión para os fondos externos finalistas do Estado ou da Unión Europea.

En canto ao grao de execución, o IGVS rematou o ano 2024 cun 82 por cento de execución real dos fondos executables; destes, o 84,32 por cento son fondos da Comunidade Autónoma en fase «OK», é dicir, pagado; e o 79 por cento son fondos estatais e europeos en fase «D», é dicir, concedidos. Deixo para a miña seguinte intervención o programa específico 451B, de Acceso á vivenda, en que se inclúen, tanto partidas destinadas á construción de vivenda e ao desenvolvemento do solo como axudas directas, como o Bono alugueiro social, as subvencións para vítimas de violencia de xénero e as axudas á adquisición.



Penso que é importante que deixen de lanzar bulos sobre a falta de execución da Xunta de Galicia dos fondos destinados a vivenda. Seriedade e rigor, señor Font —seriedade e rigor—.

Non lle copie as formas ao presidente do Goberno, pois non lle vén nada ben. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o Señor Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Conselleira, non é ningunha teima, nin tampouco é ningún bulo, nin tampouco é terxiversar.

Nada novo, como sempre, con vostede, pero trae a mesma música e canción dos que lle antecederon, é dicir, diñeiro público sen gastar, pola súa inoperancia, en políticas tan importantes como a vivenda. Conselleira, ¿para que serven todos os programas, que vostede nos anuncia nas súas comparecencias, se logo non se executan? O dato do 10,3 por cento —réservese o que queira— é real e foi facilitado por vostedes.

Vostedes acordáronse da política da vivenda agora, cando non lles preocupou en quince anos. De verdade, ¿pode estar satisfeita aquí da execución dun 10,3 por cento —dato facilitado por vostedes mesmos—? Mire, un catálogo de escusas, un catálogo de xa contaremos.

Vostede debe saber que hoxe a maior preocupación da sociedade galega é a vivenda, por encima, e inclusive desbancando do primeiro posto a sanidade. Deben tomar en serio as políticas de vivenda; debe dicirnos que medidas ten previstas para corrixir de inmediato a baixa execución.

Presumen moito vostedes de transparencia. ¿Pensan informar aquí, no Parlamento, de forma exhaustiva, da execución, dos motivos e das medidas para tomar? Son todas preguntas do mesmo tronco, conselleira. Aí fóra están a esperar por medidas concretas para o acceso á vivenda. Non poden vostedes deixar de gastar un só euro nesta materia.

Lembre que o presidente do Goberno, Rueda, púxose deberes a si mesmo no seu debate de investidura, situando a vivenda no centro das súas políticas. Tócalle a vostede traballar, e empezamos moi mal.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, señorías.

A última vez que falamos de execución orzamentaria neste Parlamento puxemos como exemplo as axudas ao alugamento do ano 2023, que se convocaron e se concederon nese ano



2023, e que estamos a pagar e seguiremos a pagar, toda vez que son de carácter plurianual. Creo que esta explicación debería ser suficiente para que vostedes deixen de repetir estas afirmacións erróneas.

Pero mire, efectivamente, o programa 451B, de Acceso á vivenda —como lle dixen—, ten accións directas de construción de vivenda e de desenvolvemento de solo, e tamén subvencións de adquisición, de Bono alugueiro e para vítimas. Voulle dar os datos —como pediu vostede— do programa de Acceso á vivenda: dos fondos de execución anual da propia Comunidade Autónoma, a execución foi do 95,96 por cento en fase de pago. A porcentaxe de execución dos fondos estatais acadou o 83,60 por cento, neste caso, en fase «D». As axudas foron concedidas, pero veranse pagadas en función de que se confirme, se verifique o pago de alugueiro, se verifique o pago da adquisición da vivenda, se verifique a execución da obra, no caso de tratarse dunha subvención de rehabilitación. E, finalmente, a execución dos fondos europeos MRR acadou un 21,66 por cento en fase «D»; e isto débese a que o Goberno central libra os fondos MRR cando lle peta e cando lle convén, a pesar de que sabe que non poderán ser executados no ano do libramento, e faino para xustificar así o orzamento do Goberno central. En todo caso —dígolle—, destes fondos europeos temos xa comprometidos o cento por cento, e, por suposto, executarémolos na súa totalidade.

Sei que me vai dicir que o mareo cos números —como me dixo a última vez—, pero —voulle dicir— este programa, que tanto nos critica, supuxo en materia de axudas o ano pasado 2024, un total de 6.400 novas axudas por importe de 31 millóns de euros. Falou vostede de que deixamos de executar fondos, pero, a verdade é que, como sempre, ven a palla no ollo alleo. ¿Lembra vostede a execución dos fondos orzamentarios do Instituto Galego da Vivenda e Solo no Bipartito? Foi do 78,69 por cento; pois ben, nós no ano 2024, estivemos máis de catro puntos por riba, é dicir, no 82 por cento, tendo en conta, ademais, que moitos dos fondos do Bipartito non foron destinados á vivenda, senón a finalidades moi diferentes.

Por iso pido, de verdade, que sexan rigorosos, que deixen que sigamos a traballar —que é o que queremos— para dar solucións aos galegos, que é o que nos están a demandar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Daniel Castro García e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Oourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica**

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Voulle facer unha pregunta moi sinxela, que é se vostede considera que ter médico no centro de saúde seis días ao mes é a definición de saúde —seis días ao mes, nada máis—; se vostede



considera normal que, en 2025, a xente teña que aceptar que ter médico seis días ao mes, nada máis, é o normal, e é o que hai, ¿non?

Isto foi o que tiveron que soportar os veciños e as veciñas de Ouro no mes de xaneiro e, o que aínda é peor é que tiveron que soportar como o PP e o Sergas lles dicían que houbera unha grandísima melloría no mes de febreiro porque soamente faltara o médico catro días —catro días estivo o centro de saúde sen médico— e que en marzo soamente ía faltar dez, a priori —dez días ao mes sen médico no centro de saúde—.

Entón, isto non sei se ten que ver con aquilo que se dicía, cando acababa a pandemia e viña a normalidade, con ese termo que se creou de «nova normalidade». Se a nova normalidade para o Partido Popular é intentar facer crer á xente que porque un día non haxa médico no seu centro de saúde é o normal; que non pasa nada; que pasa en todos os lados; que é o que temos que asumir e que é o máis común. E isto, evidentemente, non é normal e, sobre todo, non é asumible e non llo asume a xente porque non llo cre, porque, ademais, vaille a saúde literalmente niso.

E por iso en Ourol non fixeron máis que reclamar o obvio: que queren médico no seu centro de saúde todos os días, nunha concentración masiva, na cal, literalmente, estivo a metade do concello —literalmente a metade do concello— porque están fartos de ler na porta do centro de saúde, día si e día tamén, que non hai médico; e isto lese moi fácil, con cataratas ou sen elas, porque se sente, porque cando non hai médico a xente o sente e o sofre. E é moi sinxelo de comprender. E tamén lle dixeron que non se queren desprazar ao concello de Viveiro, pois, ademais, o centro de saúde de Viveiro ten unha situación de absoluto colapso, día si e día tamén —aí non sei se interesa como están os traballadores—. E tamén lle dixeron que tampouco queren ter que desprazarse ao concello de Muras, no cal están moitos días tamén sen médico ou médica no seu centro de saúde; dúas semanas pasaron en 2024, por exemplo. Tamén lle dixeron que queren algo moi sinxelo que —creo— é comprensible por todos e todas os que estamos aquí: que haxa un médico, un nada máis, no seu centro de saúde. E que o queren ter aí todos os días.

Entón, xa lle pregunto, finalmente: ¿a vostede, como conselleiro de Sanidade, ter un médico todos os días no centro de saúde parécelle imposible?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Señor deputado, parece que seguen percorrendo Galicia á procura de vacantes de profesionais na sanidade pública. A sanidade para vostedes é iso: unha oportunidade para tratar de gastar a Xunta, é dicir, unha mera ferramenta política. Hoxe celebran que non haxa profesionais nas listas para facer a substitución do médico de Ourol.



É posible que aínda non se decatase de que, se non hai médicos para contratar, é porque o Ministerio de Sanidade non pon solucións. A Xunta impulsa medidas para afrontar este problema común e o BNG, tan preocupado — polo que parece — pola sanidade pública, vota en contra das solucións. ¿Por que? Obviamente porque lle vai mellor se os problemas da sanidade non se arranxan. Este é o retrato exacto da hipocrisía do BNG en relación coa sanidade pública galega.

Miren, imos facer como que, de verdade, lles interesa o que pasa. Voulles explicar a situación no concello de Oourol. Este municipio conta con 762 usuarios que son atendidos por un médico de familia e por unha enfermeira. Nestes momentos o médico está en situación de incapacidade laboral, pero esta circunstancia non significa que a asistencia sanitaria non estea garantida en Oourol, porque, aínda que non haxa quen contratar, cun grande esforzo da Xerencia da Área Sanitaria e, grazas ás prolongacións de xornada que están a facer os facultativos do PAC de Viveiro — aos cales, por certo, lles agradecemos o seu compromiso —, conseguimos manter unha cobertura case completa desde o 21 de xaneiro e neste mes de febreiro.

Nestes momentos non hai demora no centro, polo tanto, pódese conseguir cita ao día seguinte — ao día seguinte —. [...], como conselleiro, observo como a realidade do Bloque Nacionalista Galego é diametralmente oposta á do mundo real. Non se confunda, o grande esforzo que estamos a facer por garantir a asistencia non significa que a situación que temos alí sexa a idónea. E non o é polo déficit de profesionais sanitarios, algo que a vostedes parece non preocuparlles en absoluto; ao contrario, semella que lles vai ben.

Nós, a diferenza de vostedes, traballaremos para garantir a mellor asistencia sanitaria en todos os municipios galegos. Insisto en que procuramos cubrir, con prolongación de xornadas, a asistencia no Centro de Saúde de Oourol. Tamén os pacientes, en caso necesario, poden ir ao Centro de Saúde de Muras, que se atopa a dezasete minutos, que ten menos de dous días de demora, e sen esquecer os servizos sanitarios de urxencia do 061, que están dispoñibles as 24 horas do día durante os 365 días do ano.

Señoría, criticar é moi sinxelo, pero lograr a cobertura cando non hai xente nas listas profesionais para contratar é un grande esforzo; un grande esforzo de planificación e de xestión da Administración, pero, ante todo, un grande esforzo dos profesionais que se prestan a facer unha prolongación de xornada para atender en Oourol.

Deberían sentarse e valoralo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Pois volve dar a razón, señor conselleiro. Si que percorremos Galiza; percorrémola enteira. E eu pódolle dicir que soamente na comarca da Mariña poden ir saltando de concello en con-





cello e de centro de saúde en centro de saúde de cada concello onde hai baixas sen cubrir (*Aplausos.*) e onde hai servizos que non se ofertan. Así. (*Aplausos.*) (*O señor Fernández Alfonso pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡E vostedes poderán falar de casos illados!, pero podo ir de Ribadeo, Barreiros, Foz, Cervo, Xove, Viveiro, (*Aplausos.*) Mondoñedo, Lourenzá, Oourol... (*O señor conselleiro de Sanidade, Gómez Caamaño, asente repetidamente coa cabeza.*) ¡E a vostedes parécelles iso normal! E estes son casos illados. Non teño ningunha necesidade e ningunha gana de terlle que facer esta pregunta, porque aquí o que hai é xente que non ten médico no seu centro de saúde. Estamos falando de cousas moi serias.

Ademais fun bastante benévolo porque lle mencionei como días que si que hai médico, os días en que dan catro horas, nada máis. Só catro horas e un médico ou unha médica diferente cada día, co que iso supón.

E estívome falando, ademais, de Muras, que está a dezasete minutos en coche. Estamos falando de xente que adoita ter moitos anos e que ten que pillar sempre taxis para ir aos centros de saúde. E logo, ademais, temos noticias como o feito de que Muras estivo quince días sen asistencia médica; soubémolo polos veciños, e o Sergas non nos deu ningunha explicación. Vanse movendo de centro de saúde, en que non hai médico, a centro de saúde, en que non hai médico. ¿E cal é a situación? Que se teñen que aguantar. Que está garantido. ¡Por favor!

¿Non lles viría mellor unha resposta máis achegada á cidadanía, dicindo que se cometen erros e que se pode mellorar, en vez de dicir á xente que non sofre o que sofre? (*Aplausos.*) ¿Por que pensa vostede que nun concello de novecientos habitantes — ¡novecentos habitantes! — se lle xuntaron cincocentas persoas diante do centro de saúde? ¿Non tiñan nada que facer o sábado á mañá?

¡Por favor!, estamos falando de cousas moi serias. Vostede é o conselleiro de Sanidade e ten que dicir ou, polo menos, ten que ter como obxectivo un médico nun centro de saúde.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidente.

Como lle dicía antes, pois parece que non entenden. Nós estamos plenamente comprometidos a garantir a atención sanitaria, incluso cando as condicións nolo poñen difícil, como é o caso do Centro de Saúde de Oourol.

E a principal dificultade — ¡a ver se o entenden dunha vez! — atópase no Ministerio de Sanidade do Goberno de España, por onde pasaron seis ministros e ministras en sete anos, e ningún foi capaz de arranxar un problema, que o Goberno, por certo, de Mariano Rajoy xa



identificara: o déficit de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria. Seis ministros e ministras en sete anos. Desde entón, Galicia e o País Vasco impulsamos un manifesto a que se adheriron catorce comunidades, no cal urximos o Ministerio de Sanidade para solventar o déficit de médicos.

Non é un problema exclusivo de Galicia, senón que se dá en toda España e, de maneira notoria, por certo, nas comunidades autónomas en que é o Ministerio o que goza de todas as competencias en xestión sanitaria. E para paliar a situación, en numerosas ocasións pedimos ao Ministerio aumentar a acreditación das prazas MIR porque en Galicia xa ofertamos o cen por cento das que temos acreditadas. Tamén pedimos permitir que os médicos poidan traballar ata os 72 anos, se así o desexan — ¡se así o desexan! —, e desatascar a homologación de títulos especialistas en ciencias da saúde a médicos estranxeiros.

Pero non só pedimos, señoría, tamén actuamos no eido das nosas competencias. En Galicia impulsamos ofertas públicas de emprego para prazas de difícil cobertura, e intentamos facer máis atractivas as prazas nas cales nos é complicado atopar médicos. E, ¡como non!, vostedes votaron en contra — votaron en contra —, porque vostedes só saben votar en contra; ¡vostedes sigan votando en contra, se queren! Nós, a Xunta, seguiremos buscando solucións e xestionando con eficacia a realidade e o día a día da sanidade pública galega, mentres vostedes divagan e enredan.

O seu discurso é ridículo. Realmente o orzamento do Sergas aumentou en máis dun corenta e cinco por cento desde o último aprobado no ano 2009, cando estaba o Bipartito, e aumentamos en 668 millóns de euros o gasto de persoal. Vostedes levan dicindo, desde o ano 2018, que para salvar a atención primaria eran necesarios 200 millóns. Desde aquela, señoría, aumentamos en máis de 450 millóns de euros os orzamentos da atención primaria.

Pídolles, unha vez máis, neste Parlamento, que deixen de empregar a sanidade como ferramenta política e que sexan construtivos. Axúdennos a facer unha fronte común ante o Goberno de España para dar solucións ao déficit acusado de profesionais. Mentres o Goberno galego seguirá coa planificación e os profesionais sanitarios co seu compromiso para garantir a mellor asistencia sanitaria en todo o territorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas desenvolvidas para incentivar a cobertura de prazas de persoal médico nos hospitais comarcais**

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, somos coñecedores todos — nós e a xente da oposición tamén — da carencia de médicos especialistas que sofre todo o Sistema nacional de saúde e que está po-



ñendo o foco, máis que nunca, na necesidade de dar cobertura a determinadas prazas. É unha realidade que non só temos nós en Galicia, senón en todo o territorio nacional; e vostede explicouno perfectamente na anterior pregunta que, maliciosamente, lle fixo o BNG.

Sabemos onde está o problema —¡igual ca eles!— e tamén a maneira de solucionalo. E así se trasladou en reiteradas ocasións ao Goberno central, que é o único que ten competencias e que é o único responsable dun problema acuciante que repercute directamente na calidade asistencial de toda a poboación deste país.

Esta inacción do Goberno central, por certo, un Goberno apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, puxo as comunidades autónomas a facer todo aquilo que era posible e que puidese mitigar o déficit de médicos. En Galicia, o Goberno tomou varias medidas. Quizais, a de maior calado sexa a que vostede acaba de nomear, co único apoio do Partido Popular: a Lei 2/2022, de medidas extraordinarias, dirixidas precisamente para impulsar a provisión de postos de difícil cobertura. Claro que o BNG estaba de concello en concello, en vez de estar pensando en apoiar esta lei.

Esta lei habilita o Sergas a cubrir determinadas prazas por concurso de méritos, así como a outorgar unha maior puntuación para os profesionais que presten os seus servizos en determinados centros hospitalarios, como poden ser os hospitais comarcais; aqueles que iamos pechar e que tamén trasladaban en autobús a xente de hospital en hospital.

Recentemente, na Lei de medidas introduciuse unha modificación, co fin de impulsar a provisión de postos de difícil cobertura para que os servizos prestados nos hospitais do Distrito Sanitario da Barbanza e no Hospital do Salnés computen o triplo, englobando todos os hospitais comarcais. Estas medidas demostran, unha vez máis, señor conselleiro, a aposta do Goberno galego polos hospitais comarcais, que cada vez teñen maior forza, e buscan precisamente reforzar estes centros para achegar a atención sanitaria a todos os cidadáns do noso rural.

Hoxe, nós queriamos preguntar: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para incentivar a cobertura de prazas nos hospitais comarcais?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidente.

Señoría, é evidente que vivimos unha situación xeral de carencia de determinados profesionais sanitarios en todo o país. Negar este feito é ir contra a realidade e contra os cidadáns. Coa problemática común a todas as comunidades autónomas é imperativo que a solución ao problema tamén sexa común a todos nós, polo que debe ser o Ministerio de Sanidade que actúe dunha vez. Esta desidia ou mala fe do Ministerio obrigou as comunidades autónomas a agudizar o enxeño, facendo que cada unha delas puxese en marcha as medidas que consi-



derase oportunas para atraer profesionais. Na Xunta sempre dixemos que por nós non ía ser, e, dende un primeiro momento, comezamos a traballar, tomando todas as medidas que estaban na nosa man para poñer solución a este problema.

Actuamos en todos os niveis: na atención primaria, na atención hospitalaria, incrementando os conceptos retributivos, mellorando as condicións laborais, mellorando a estabilidade, reducindo a carga de traballo e pondo en marcha medidas como a redución da xornada. Todo isto en acordo cos representantes sindicais e cos profesionais sanitarios, pero, sen lugar a dúbidas —como xa comentei—, a resposta política e de maior impacto foi a aprobación da Lei 2/2022 de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura; esta lei, que saíu adiante co único apoio do Partido Popular, non só nos permite ofrecer prazas por concurso na atención primaria, senón tamén nos habilita para facelo en postos ou ámbitos singulares, especialmente deficitarios, nos cales se inclúen hospitais comarcais. Estes centros hospitalarios son unha peza fundamental do Sistema sanitario público galego, e achegan a atención sanitaria especializada a todos os recunchos de Galicia, e, por iso, coa colaboración dos hospitais comarcais, moitos situados no ámbito rural, fan que a súa cobertura supoña un reto para esta administración, o que, sumado á existencia de paro cero fai que o persoal sanitario poida elixir moitas opcións, saíndo máis prexudicados os centros máis illados en detrimento do hospitais grandes de referencia.

A maiores, para facilitar a cobertura destes centros, estableceuse unha maior valoración da experiencia profesional para os profesionais que presten servizo nos hospitais comarcais, incluíndo tamén na Lei de medidas deste ano a consideración dos hospitais da Barbanza e do Salnés para os efectos dos postos de difícil cobertura. Esta medida permite que todos os profesionais que traballan nestes centros hospitalarios puntúen o triplo, facendo máis atractivas as prazas dispoñibles. Con isto buscamos realizar unha discriminación positiva cara aos hospitais comarcais, o cal nos permitirá garantir a continuidade asistencial, a calidade, a eficacia e a eficiencia dos servizos sanitarios, e impulsar tamén a incorporación urxente, estable e permanente de persoal a postos de difícil cobertura.

O compromiso deste Goberno con estes centros é claro e manifesto. Imos empregar todas as ferramentas que teñamos na man para continuar mellorando os hospitais comarcais de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Sabemos que nós en Galicia temos un Goberno comprometido, que goberna, que está a carón dos profesionais e dos usuarios e que fai todo aquilo que está dentro das súas competencias.

Nós temos claro —o que se comentou antes disto— cal é o noso problema: o problema é a falta de médicos. As listas de espera están a cero e sabemos que este problema de déficit de



médicos que se sofre en toda España ten unha raíz común, e, por iso, tamén debe ter unha proposta común para que se doten solucións a nivel estatal. E así se leva facendo dende o ano 2018.

Evidentemente, a falta de bondade do Goberno central, coa inacción que ten mostrado o señor Pedro Sánchez nos case sete anos que está á fronte e con eses seis ministros que puxo neste tempo, é moi patente e, dende logo, non se ve que haxa visos de solución. E, mentres desde todas as comunidades autónomas solicitamos que se formen máis médicos e que se validen os títulos dos milleiros de médicos estranxeiros que están pendentes de validar por parte do Ministerio, o Goberno fai oídos xordos e, agora, ademais, a ministra pon en pé de guerra os médicos e os sindicatos con ese Estatuto marco que non hai por onde collelo. Pola contra, o Goberno galego e a Consellería de Sanidade —que vostede xestiona— están traballando e poñendo todas aquelas medidas que se poden dentro das súas competencias. Nós felicitámolo polo traballo que están a realizar. Sabemos que é difícil, que non é fácil, e que non estamos atravesando situacións fáciles.

E, nesta segunda quenda, señor conselleiro, gustaríanos que nos respondese a: ¿cales son os resultados obtidos por estas medidas postas en marcha?; e ¿a Consellería tomou, a maiores, algunha outra medida?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señora deputada, as medidas que enumerei na miña primeira intervención verán os seus froitos neste primeiro trimestre de 2025.

A OPE de abril de 2023 para postos de difícil cobertura ofertou 423 prazas, entre as cales se incluían facultativos especialistas de Atención Primaria e de Enfermaría, en numerosas especialidades con vacantes en hospitais comarcais. No día de hoxe, cubríronse nesta modalidade 261 prazas; un evidente impacto para os hospitais comarcais, ás cales aínda habería que engadir as prazas do procedemento xa resolto de Enfermaría especialista en saúde mental, con 94 prazas, que se formalizará no primeiro trimestre do ano. Así pois, actualmente estaría cuberta o 64 por cento da oferta de 2023, prevéndose acadar, cando finalice a toma de posesión de enfermeiro especialista en saúde mental —se se cubrisen todas as prazas—, unha porcentaxe total de 86 por cento da oferta.

Señora Amigo, temos claro que estes centros hospitalarios son fundamentais para Galicia, especialmente para o noso rural. Para a oposición, as prazas vacantes da sanidade pública son unha alegría porque lle dan un motivo para meterse co Goberno e vén aquí preguntar. Para nós non. Para nós, cada praza vacante na sanidade pública é un problema para resolver; por iso traemos aquí solucións, e, por iso, a oposición rexéitaa.



A nós preocúpanos a sanidade do rural; e, por iso, ademais de nas medidas laborais e retributivas tamén se actuou na infraestruturas e na dotación dos sete hospitais comarcais da nosa comunidade: melloramos as instalacións de todos os hospitais; renovamos o equipamento tecnolóxico; compramos novos [...]; compramos novos ecógrafos; modernizamos a farmacia, as consultas externas, os quirófanos e as Urgencias. As medidas retributivas son importantes, pero tamén brindarlles aos profesionais os mellores e máis novos equipamentos para que poidan realizar o seu traballo en igual condición que nos grandes hospitais de referencia. Son medidas que contribuíron para mellorar a calidade asistencial dos pacientes e para ter un maior atractivo para a captación de profesionais sanitarios en todos os hospitais comarcais. Esta é a realidade: hospitais comarcais modernos con instalacións e con equipamentos renovados, moi lonxe da imaxe que, ás veces, algúns partidos da oposición intentan pintar.

Polo tanto, señoría, o persoal dos hospitais comarcais está coidado. Garáteselle a mobilidade anual, teñen puntuación adicional, teñen mellores infraestruturas e de tecnoloxía, e está constantemente nas nosas prioridades. Estas medidas non só responden á vontade dun Goberno, senón que, neste caso, teñen un gran compoñente de responsabilidade política ante unha situación que así o require.

Os profesionais dos hospitais comarcais e os galegos usuarios destes centros poden estar seguros de que faremos todo o posible por continuar garantindo e mellorando a asistencia destes centros tan importantes para Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. Víctor Manuel Baladrón Lamas e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración**

**O señor BALADRÓN LAMAS:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, señorías.

Bo día a todos.

O compromiso de Galicia coa súa diáspora é unha das nosas grandes fortalezas como comunidade. A nosa identidade está marcada por unha historia de emigración, pero tamén de retornos e de familias que, despois de anos no exterior, decidiron volver e seguir construíndo o seu futuro na súa terra. Por iso, señor conselleiro, resulta fundamental que a Administración siga reforzando políticas que faciliten o regreso, garantindo que aqueles galegos que deciden volver atopen aquí o apoio necesario para integrarse plenamente na nosa comunidade.

Hoxe, Galicia é unha terra con máis oportunidades ca nunca, un lugar en que cada galego retornado pode atopar o futuro con garantías. A Xunta de Galicia leva anos traballando neste obxectivo, a través da estratexia Galicia Retorna; un plan integral que abarca diferentes áreas





e que permite que o regreso non sexa unha dificultade, senón unha oportunidade. Dentro desta estratexia, unha das iniciativas máis relevantes son as axudas extraordinarias para o retorno xestionadas pola Secretaría Xeral de Emigración; estas axudas teñen unha finalidade moi clara: axudar os galegos retornados e as súas familias a afrontar os primeiros gastos derivados do seu regreso, facilitando a súa adaptación á nova realidade económica e social de Galicia. Son, en definitiva, un respaldo para aqueles que queren volver e contribuír para o desenvolvemento do noso país. Cada persoa que regresa é unha peza clave para o crecemento de Galicia; un motor de innovación, de emprendemento e de dinamización social. Facilitar o retorno dos galegos no exterior non so é unha cuestión de xustiza, senón tamén unha aposta polo futuro. Cada persoa que regresa suma talento, esforzo e ilusión ao noso desenvolvemento como sociedade.

Por iso é fundamental seguir impulsando medidas que garantan unha integración plena e efectiva. O impacto desta política xa é unha realidade. Nos últimos anos, vimos como o número de galegos retornados foi en aumento, grazas, en boa parte, ás medidas impulsadas polo Goberno galego. Son familias que atopan aquí un lugar onde establecerse con estabilidade, un bo actor formado no estranxeiro, que quere desenvolver a súa carreira profesional en Galicia; son persoas que recuperan as súas raíces e volven para dinamizar os nosos municipios, especialmente do rural.

Señor conselleiro, este Goberno demostrou que non entende de emigración só como unha historia do pasado, senón como unha oportunidade de futuro; de feito, a aposta polas políticas de retorno foi recoñecida a nivel estatal e internacional como unha referencia de éxito. Sabemos que hai moito traballo detrás para que estas axudas cheguen ás persoas que realmente as necesitan, para que melloren a súa xestión e para que se adapten ás novas necesidades dos galegos no exterior. E sabemos tamén que este compromiso seguirá estando presente nos vindeiros anos.

Por iso, gustaríame preguntarlle aquí ao señor conselleiro: ¿cal foi a evolución e cal é a finalidade das axudas extraordinarias para o retorno que ofrece a Secretaría Xeral de Emigración?

Imos seguir sendo unha terra de oportunidades para todos e para aqueles que, despois de anos no exterior, queren volver e sumar ao noso progreso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez):** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, deputados e deputadas.

Precisamente, o pasado domingo Galicia celebraba o Día de Rosalía de Castro, e quero traela hoxe aquí no comezo da miña intervención porque foi, quizais, a autora que mellor recolleu



nos seus versos a emigración da súa época: «Este vaise i aquel vaise e todos, todos se van. Galicia, sin homes quedas que te poidan traballar».

Moi diferentes, señorías, serían estas verbas se fosen escritas neste tempo. Poder ver como da emigración Rosalía pasaría a relatar nos seus poemas o retorno da nosa xente, porque, se o século XX foi o da emigración, este século XXI (*Aplausos.*) —como moi ben dicía vostede— é o do retorno. (*Aplausos.*)

Señorías, isto é así, é unha realidade, porque a Xunta de Galicia leva todo o período de vida da nosa autonomía traballando para que aqueles galegos e galegas que tiveron que emigrar e os seus descendentes non perdesen os vínculos con esta a súa terra.

E esas medidas —que moi ben sinalaba vostede— forman parte dunha estratexia; unha estratexia que debe ser non só unha estratexia do Goberno, senón unha estratexia de todos os galegos e as galegas, que é a estratexia Retorna, é dicir, unha estratexia que afecta diferentes consellarías, pero que conta con 450 millóns de euros e que ten por obxectivo que retornen ata 30.000 persoas cara ao ano 2026. Só no ano pasado foron 8.000 persoas. Ten diferentes programas. Eu falarei, por suposto, das axudas —sobre as cales vostede preguntaba—, pero déixeme que lle comente o programa Retorna Cualifica Emprego, no cal imos da man das empresas galegas para que os descendentes de emigrantes galegos veñan xa con postos de traballo. Precisamente a semana que vén estaremos na Arxentina e no Uruguai facendo eses programas, esas feiras de emprego para atraer esa xente —como dixer—, xa coa súa contratación garantida polas nosas empresas.

Falando, ademais, das axudas extraordinarias para o retorno, hai que ser conscientes de que veñen moitas familias que non teñen a solvencia económica suficiente; polo tanto, temos que contar con esas axudas —que vostede mencionaba—, que son un importante mecanismo de salvagarda económica para esas familias. Son axudas que poden chegar ata os 6.000 euros por unidade familiar e teñen diferentes condicionantes: hai complementos en función dos fillos menores de idade; hai complementos tamén, se van para un concello do ámbito rural; e tamén temos para cubrir gastos iniciais de vivenda. É dicir, o importe medio destas axudas, que están chegando a cada familia retornada, é de 3.000 euros. Ten un importante compoñente social. Por iso, para seguir apoiando a medida, no ano 2025, temos un orzamento inicial de 2,3 millóns de euros, co cal imos chegar a un número estimado de 1.000 familias retornadas.

Eu creo, señorías, que Rosalía estaría orgullosa; e nós tamén nos sentimos certamente orgullosos de apoiar, de asesorar e de acompañar, cumprindo o noso compromiso co retorno dos galegos e das galegas no exterior, que volven á súa terra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Baladrón.

**O señor BALADRÓN LAMAS:** Agradezo a súa resposta, señor conselleiro, porque deixa claro que Galicia segue a ser unha terra de oportunidades para todos e tamén para aqueles que un



día tiveron que marchar e que agora queren regresar Iso demostra que estamos avanzando polo bo camiño, con políticas de retorno efectivas e recoñecidas que están a cambiar a realidade de moitas familias.

Os datos son claros: cada vez máis galegos están volvendo para a súa terra, atopando aquí apoio e posibilidades reais de futuro; isto é unha excelente noticia para Galicia porque significa que a nosa comunidade está a medrar e que estamos a recuperar talento, forza de traballo e proxectos de vida que enriquecen o noso país.

A estratexia Galicia Retorna non só é un compromiso, senón que é unha realidade que está a transformar a vida de miles de persoas grazas ás axudas da Secretaría Xeral de Emigración. Moitas familias teñen hoxe a oportunidade de volver cun respaldo que lles permita afrontar os primeiros meses con seguridade e con estabilidade. E ese debe ser o obxectivo, é dicir, que ninguén se sinta só no seu regreso, señor conselleiro.

Como vostede sabe, Galicia está nun momento clave. Cada galego que regresa é un activo fundamental para o noso tecido produtivo, para a nosa demografía e para o noso futuro. Moitos retornan con formación e experiencia adquiridas no exterior, con ideas innovadoras, con proxectos emprendedores que contribúen para o desenvolvemento da nosa terra. Temos que seguir aproveitando este potencial e seguir consolidando Galicia como unha referencia nas políticas de retorno. Esta é a dirección en que debemos seguir avanzando. Cómpre difundir mellor estas axudas, seguir reforzando o apoio á integración laboral e garantir que quen volva atope aquí unha vida estable, especialmente no rural, onde o retorno pode ser unha clave fundamental para activar os nosos concellos.

Non só estamos a recuperar poboación, senón que estamos a recuperar talento, forza de traballo e ilusión para construír un futuro común. Señor conselleiro, Galicia é a casa de todos, dos que están e dos que un día tiveron que marchar.

Por todo isto, gustaríame que afondase máis nos datos das axudas: ¿podería detallarme o perfil dos beneficiarios e a súa procedencia? Porque o noso compromiso é claro: abrir portas, crear oportunidades e seguir facendo de Galicia un lugar onde sempre se queira volver.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

**O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez):** Si, eu creo que é bo falar con datos precisamente para trasladar a importancia desta estratexia.

Se tomamos os datos dende o ano 2018, máis de cinco mil catrocentas familias retornadas recibiron este apoio económico, é dicir, falamos dun efecto directo a preto de vinte mil persoas retornadas.



Falamos de que, dende o ano 2018, a Xunta destinou máis de catorce millóns de euros para este programa, consolidando Galicia como un destino acolledor no proceso de retorno e —dicía tamén vostede— sendo un fiel exemplo para outras administracións públicas. Isto é mostra, ademais, do compromiso imperativo que mantemos cos nosos emigrados, froito da gratitude de toda a comunidade.

Falando do perfil, tamén podemos sinalar, en primeiro lugar, en canto ao número de beneficiarios, que este foi medrando ano tras ano; e, en resposta ao incremento do retorno, tamén o importe das axudas, atendendo sempre a todas as persoas que reúnen os requisitos. Fíxese, falando de beneficiarios, o 80 por cento deles son persoas novas, persoas en idade activa, polo que supoñen tamén unha oportunidade para o tecido económico e social de Galicia. No que se refire á procedencia, pois como sabemos que hai galegos en todas as partes do mundo, retornaron de sesenta países diferentes, se ben é certo que hai tres países principais de retorno: Venezuela —pola situación que todos coñecemos—, Cuba e Arxentina. Outro dato relevante é que o 54 por cento dos retornados son mulleres, o que demostra que estamos atendendo unha realidade familiar diversa e favorecendo un retorno en clave de igualdade.

Señorías, estas axudas non son só un apoio económico puntual, senón que son un compromiso real da Xunta de Galicia para converter Galicia —como non pode ser doutro xeito— nun fogar acolledor para aqueles que decidan volver. Só no ano 2024, foron beneficiadas 1.159 familias, que percibiron un importe total de 3,5 millóns de euros. Foi un récord en compromiso orzamentario, e se fose necesario completar a axuda este ano —como xa dixen antes— así o faríamos.

Señorías, seguiremos traballando para que os galegos do exterior saiban que aquí teñen unha oportunidade, unha rede de apoio, un Goberno e unha sociedade que os acompaña no seu regreso a esta que é a nosa terra, pero tamén é a súa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Remata aquí o pleno.



Pero antes, permítanme que hoxe teña un saúdo para os meus veciños, para os veciños de Bande, porque hoxe, 26 de febreiro, hai cen anos que chegou a luz eléctrica —hoxe precisamente— a Bande. E esa é unha data que hai que conmemorar; polo tanto, entón, para eles hoxe vai aquí o recordo. Están hoxe de en hora boa.

E nada máis. Rematou aquí o pleno.

Grazas.

*Remata a sesión á unha e vinte e nove minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-AKLeMPyZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

